

O xornal da Terra de Melide

Nº 68. Agosto 2011. Distribución gratuíta

EMPRESA

Asetem-Cca organiza unha charla sobre as axudas do Igape P3

COMARCA

Os concellos terán que reingresarlle 255.000 euros ó Estado P18

CULTURA

Charamela celebra o II Encontro entre as xeneracións o día 14 P22

ENTREVISTA



Rosa Penas, Modas Manuel

“Traballamos con grandes marcas, que ofrecen algo distinto” P31

A comarca inicia o mes máis festeiro ateigada de visitantes

O mes de agosto na Terra de Melide é sinónimo de festa un día tras outro. Centos de visitantes -na maioría dos casos emigrantes que visitan á familia e que están a pasar as súas vacacións na zona- achéganse cada noite ás tradicionais romarías. As máis agardadas son as festas do San Roque, as festas grandes de Melide, pero tamén haberá outras citas multitudinarias, como as festas de Visantón ou a romaría campestre da Cornella. P20.



Fomento licita a redacción do tramo local da Autovía




O ministerio contratou dous proxectos de redacción por valor de 6,42 millóns de euros para o tramo da A-54, entre Palas e Arzúa, que pasa por Melide. P8

Reforzo da seguridade nas noites da movida melidense



A Policía Local patrullará as noites de sábado para evitar que se produzan incidentes na vila. O Concello quere que a marcha sexa “sana e respetuosa”. P11



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROXECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Despistados con NCG

A reforma do sistema financeiro español trouxo consigo un dos máis intensos “culebróns” que neste ámbito se recordan en Galicia: a fusión entre Caixanova e Galicia, da que finalmente naceu Novacaixagalicia (NCG).

Comezou a falarse dunha posible fusión no verán de 2009 e anunciouse o acordo de fusión en outubro do ano seguinte. Durante todo este tempo todos asistimos a un longo camiño que levou ás dúas caixas máis importantes da comunidade a converterse nunha única. Unha senda que estivo acompañada de miles de informacións, rumores e falsidades que chegaron a facer do proceso algo difícil de comprender para os cidadáns de a pé. Todo estivo adornado con doses de certo amarillismo, como as informacións sobre a disputa pola presidencia da caixa. E ata houbo polémica polo nome escollido.

Por se todo iso fora pouco, dende hai aproximadamente tres meses soubos da creación de NCG Banco, a entidade bancaria na que deberá converterse a caixa única para lograr sobrevivir. Este foi, sen dúbida, un dos feitos máis difíciles de comprender para os cidadáns -en particular para os clientes da caixa galega- pois parecía que despois de estar meses e meses loitando por chegar a un acordo entre as dúas grandes entidades financeiras galegas, todo o feito ata daquela non servía para nada.

Mentres tanto, a nova caixa presume de ser a entidade fusio-



nada que acadará a integración informática máis rápido. A operativa unificada estará lista o 15 de agosto, 9 meses antes do previsto, segundo din dende a caixa. Atendendo a estas informacións, a fusión estaría nun proceso moi avanzado, pero o certo é que no día a día podemos comprobar que isto non é de todo real.

En moitas das vilas galegas, nas que aínda coexisten as sucursais das dúas antigas caixas, non se sabe o que vai pasar, se pechará algunha ou non. A imaxe corporativa só figura na papelería e nalgũa cartelería, porque os rótulos exteriores seguen a ser os das antigas Caixa Galicia e Caixanova. E, o máis importante, aínda hai distintas operacións que non se poden facer de xeito indistinto en calquera das entidades. Isto é grave en casos coma o de Melide, onde dende finais de

xuño as oficinas están unificadas nunha soa. Hai días nos que ata dá medo entrar na sucursal, debido á morea de xente que agarda a ser atendida, por non falar dos trastornos que seguen a sufrir os clientes que demandan algún tipo de operación específica.

Moitos teñen a sensación de que hai tempo que se dou por feita unha fusión que aínda está en proceso. É o que pode comprobar calquera persoa no día a día. Pero, ante esta situación, os clientes de NCG -a maioría da cidadanía galega- merecen ter información clara e fiable por parte da entidade na que confiaron á hora de depositar os seus aforros e para facer os seus negocios. Porque agora mesmo, a entidade ten ós seus clientes despistados. E, sexa caixa ou finalmente banco, a entidade necesita dos seus clientes para sobrevivir.

Tribuna de opinión

San Roque

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Xa está aquí o San Roque un ano máis. Aínda restan varios días para que cheguen as celebracións, pero xa se respira o ambiente festivo nas rúas melidenses.

Este ano será especial por varios motivos. Por unha banda, a economía atópase nunha situación na que non estivera ata o momento. Para moitos negocios da vila, o San Roque funciona como un termómetro económico, xa que segundo o movemento que se rexistre na semana das festas, así será a perspectiva que teñan para enfiar o curso que comeza en setembro. Sexa como sexa, moitos comerciantes e empresarios fan o seu agosto no San Roque -nunca mellor dito- porque é nesa semana canto se concentra unha alta porcentaxe das vendas que teñen ao longo de todo o ano.

Por outra parte, serán as primeiras festas organizadas polo novo goberno municipal, que tomou posesión a comezos de xuño. Hai que ter en conta que dous meses é un período moi curto para poder organizar unhas boas festas.

Deseñouse un cartel con seis días de festas, no que figuran as principais orquestras do panorama actual, ademais dun programa de actividades lúdico-culturais para tódolos días do mes de agosto.

Agora hai que agardar que todo vaia ben e que o petitorio sexa fructífero. Dende Asetem-Cca solicitamos ós comerciantes e empresarios que colaboren o máximo posible para conseguir unhas boas festas. Unhas celebracións que son de todos e para todos e que desexamos sexan de proveito a tódolos niveis.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	7
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	20
-COLABORACIÓNS.....	29
-ENTREVISTA.....	31

Charla sobre as axudas do Igape en Asetem-Cca

A xornada celebrarase o 1 de setembro e estará aberta a todo o público

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Industriais de Palas de Rei, a Asociación de Empresarios e Comerciantes de Arzúa e Novacaixagalicia, organizou unha charla informativa na que dará a coñecer as distintas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para empresarios.

A charla celebrarase o próximo 1 de setembro, ás 21.00 horas, no salón de actos da patronal melidense. Está aberta a tódolos públicos, polo que tamén poderán asistir empresarios non asociados.

Contarase coa presenza de

representantes do Igape e da sociedade Afianzamientos de Galicia (Afigal), unha sociedade de garantía recíproca, así como tamén de Novacaixagalicia. Os técnicos explicarán as liñas de financiamento en condicións vantaxosas que a Xunta pon a disposición dos empresarios e emprendedores, entre elas as referidas aos plans Re-Imaxina, Re-Brote e Re-Solve.

Tarxeta de puntos

Por outra parte, dende a directiva de Asetem-Cca recordan que o prazo para que os usuarios da tarxeta de puntos do comercio asociado poidan canxear os seus puntos por produtos ou descontos. A data límite para canxearlos é o 31 de agosto. A partir de dito día, os puntos perderán validez e quedarán eliminados.

Para efectuar o cambio dos puntos por artigos ou descontos, os clientes terán que acudir ás tendas adscritas ó programa.

Visita da EFA Piñeiral de Arzúa á patronal melidense



Os alumnos interesáronse polo funcionamento de Asetem-Cca

Un grupo de alumnos do ciclo de Comercio do Centro de Promoción Rural EFA Piñeiral de Arzúa visitaron recentemente as instalacións da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca).

Os alumnos atenderon ás explicacións sobre a historia e funcionamento da asociación, así como dos servizos que se ofrecen aos asociados. Interesáronse polas oportunidades que ofrece a patronal melidense de cara ás posibilidades

de emprego, a través da xestión da bolsa de traballo. Preguntaron polas opcións de asesoramento que se ofrecen dende Asetem-Cca para os mozos emprendedores que queiran poñer en marcha novos proxectos empresariais ou comerciais.

Tamén resultaron do seu interese os cursos formativos e xornadas que se imparten, dos que moitos están dirixidos a traballadores de calquera sector e non asociados.

Mercamelide celebrarase os días 3 e 4 de setembro

Os comerciantes melidenses fixaron o pasado 28 de xullo a data para a edición de verán do Mercamelide, que se celebrará a primeira fin de semana de setembro, os días 3 e 4.

Foi nunha reunión convocada polo concelleiro de Comercio, Santos López, á que asistiron uns vinte comerciantes da vila que habitualmente participan na feira de oportunidades. Tamén estiveron presentes varios representantes da directiva de Asetem-Cca.

A feira de saldos e oportunidades do comercio melidense celebrarase, como é habitual, no Pazo de Congresos da vila. Ó igual que nas anteriores edicións, prevese a participación duns trinta comercios locais, a maioría de textil e calzado, que expoñerán os seus artigos a prezos moi rebaixados, ofrecendo ós consumidores a oportunidade de conseguir auténticas gangas.



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo

gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 815 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

OFICINAS Y COMERCIOS

hasta el

40% descuento

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS



RuralTEC

FORMACIÓN

981815442
664129139
Martagona 11, Baixo - Melide

CLASES DE INGLES

Cursos de nivelación y preparación para exámenes
Clases para niños con juegos y actividades
Curso de inglés para todas las edades
Grupos reducidos

CIDERTRONIC

www.cidertronic.es

981815442
668880038

M6-30P
543.50 €

XAP-30
Especialmente indicada para mercadillos y conexión a TPV
183.00 €

M5-30
497.50 €

BASCULAS A PRECIO DE RISA!!!!!!

Precios sujetos a las condiciones de compra de la web.

RuralTEC Sistemas gram



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Axudas á rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito dos Camiños de Santiago 1ª fase. Programa de áreas de rehabilitación integral do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012. (DOG nº 149, do 4 de Agosto de 2011)

Actuacións subvencionables: Rehabilitacións en vivendas e edificios de vivendas que estean situadas/os no ámbito da Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago que figuran no Anexo da convocatoria.

Beneficiarios: Persoas físicas individualmente ou colectivamente a través dunha comunidade de propietarios.

Contía: Con cargo a fondos do Ministerio de Fomento, o 40% do orzamento protexido co límite máximo de 5.000€ por vivenda resultante da actuación. Adicionalmente, con cargo a fondos propios do IGVS, o 40% do orzamento protexido, co límite máximo de 5.000€ por vivenda.

Prazo: Ata o 1 de Decembro de 2011.

2. Subvencións para investimentos innovadores para o crecemento empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo FEDER, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, convocatoria ano 2011. (DOG nº 143, do 27 de Xullo de 2011)

Actuacións subvencionables:

A) Investimentos innovadores: Creación/ampliación dun centro productivo para novos produtos e procesos; Diversificación da produción; transformación no proceso global de produción. Custo subvencionable mínimo: 200.000€

B) Dotación de Unidades I+D. Creación e ampliación da capacidade tecnolóxica mediante estruturas de investigación e innovación. Custo subvencionable mínimo: 30.000€

C) Transferencia de tecnoloxía, mediante a adquisición de licenzas relativas a invencións.

Contía subvencionable: 30% do custo subvencionable para grandes empresas; 40% para medianas empresas e do 50% para pequenas empresas. Sector transporte: 30%

Beneficiarios: Empresas de carácter privado con personalidade xurídica constituídas no momento de presentación da solicitude e con domicilio social ou centro de traballo en Galicia.

Prazo: Ata o 27 de Agosto de 2011

3. Axudas destinadas á adaptación das explotacións de galiñas poñedoras ao Real Decreto 3/2002 de normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, convocatoria ano 2011. (DOG nº 144, do 28 de Xullo de 2011)

Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións avícolas de produción de ovos que críen as galiñas en gaiolas non acondicionadas de acordo co establecido no RD 3/2002 que presenten un plan de adaptación da súa explotación e se comprometan a exercer a actividade 5 anos.

Non serán subvencionables os investimentos de simple substitución ou os gastos de conservación e mantemento.

Contía: Ata o 25% cando a explotación estea situada en zonas desfavorecidas e ata o 20% no resto de zonas.

A axuda consistirá nunha subvención de capital, total ou parcial, dunha ou varias anualidades de amortización de préstamos formalizados para levar a cabo o investimento. A axuda á amortización non pode superar o 80% do importe do préstamo.

Prazo de execución dos investimentos: ata o 30 de novembro de 2011.

Prazo de presentación: ata o 28 de Agosto de 2011, nas oficinas agrarias comarcais.

4. Subvencións para o apoio ó crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e da innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo FEDER, no marco Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, convocatoria ano 2011. (DOG nº 143, do 27 de Xullo de 2011)

Liñas de axuda:

A) Apoio ao desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas.

B) Apoio á preparación de propostas de proxectos que se vaian presentar a convocatorias estatais e internacionais.

C) Apoio ao financiamento de proxectos individuais e os colaborativos de innovación tecnolóxica (proxectos CIT).

Prazo: Ata o 27 de Agosto de 2011.

LEI DE ACTUALIZACIÓN, ADECUACIÓN E

Fiscal e laboral

LEI DE MODERNIZACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL. (PARTE I)

XUBILACIÓN

Terán dereito á pensión de xubilación contributiva as persoas que reunan as seguintes condicións:

a) Haber cumprido 67 anos de idade, ou 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses de cotización.

b) Ter cuberto un período mínimo de cotización de 15 anos, dos cales 2 deberán estar comprendidos nos 15 anos inmediatamente anteriores ó momento de causar o dereito.

-A implantación dos novos requisitos de idade realizaranse de forma progresiva, dende o 2013 ó 2027; tempo durante o cal tamén se esixirán de xeito gradual os períodos de cotización que permitan o acceso á pensión a partir dos 65 anos, de modo que, partindo de 35 anos e 3 meses en 2013 o período de cotización esixido no 2027 será de 38 anos e 6 meses de cotización.

-Modifícase, con aplicación paulatina, o sistema de cálculo da pensión de xubilación, que pasa a ser de 25 anos no ano 2022.

-Os traballadores con 55 anos expulsados prematuramente do mercado laboral por causas non imputables á súa vontade, poderán ata o 31/12/2016, optar pola aplicación dun período de cálculo de 20 anos ou a partir do 01/01/2017 pola aplicación do período de 25 anos, sen suxeición ás normas transitorias, cando lle resulte máis favorable.

-Modifícanse as porcentaxes da base reguladora que se cobrarán en función do tempo traballado. Así, polos primeiros 15 anos cotizados, cobraranse o 50% da base reguladora; a partir do decimosexto, por cada mes adicional de cotización, ata o mes número 248, un 0.19%; e os que rebasen o mes número 248, un 0.18% adicional, sin que a porcentaxe final supere o 100%, salvo que se acceda á xubilación cunha idade superior á que resulte de aplicación.

-Neste último caso e sempre que ó cumprir dita idade se reunira o período mínimo de cotización de 15 anos, recoñecerase ó interesado unha porcentaxe adicional, consistente entre un 2% e un 4% por cada ano completo transcurrido entre a data na que cumpliu dita idade e da do feito causante da pensión, en función do número de anos cotizados que se acrediten. As novas porcentaxes aplicaranse a partir do 01/01/2027.

-Establécense dúas fórmulas adicionais para a anticipación da pensión de xubilación, con coeficientes reductores da contía: unha, a que deriva do cese non voluntario do traballador (precísanse ter 61 anos e 6 meses de inscrición na oficina de emprego como desempleado) e outra, a que deriva do cese voluntario (con 63 anos de idade). Será necesario acreditar un período mínimo de cotización de 33 anos.

-Manténse a polibilidade de acceso á pensión de xubilación parcial, sen necesidade de celebrar simultaneamente un contrato de relevo para quenes alcanzasen a idade legal de xubilación.

ORFANDADE

-Terán dereito á pensión de orfandade, cada un dos fillos do causante, menores de 21 anos ou incapacitados para o traballo e que o causante se atopase en alta ou asimilada. No caso de que o fillo non realice traballo lucrativo por conta allea ou propia ou, cando realizándoo, os ingresos que obteña sexan inferiores ó SMI en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade cando fora menor de 25 anos.

-Se o orfo estivera cursando estudos e cumprira os 25 anos durante o curso escolar, a percepción da pensión manterase ata o día primeiro do mes posterior ó de inicio do curso académico.

-O límite de idade de acceso á pensión de orfandade no caso de que o orfo non traballe aplicarse de forma paulatina, de xeito que durante o ano 2012 o límite será de 23 anos, no 2013, 24 anos; acadando os 25 anos a partir do 01/01/2014.



COMPRA O TEU PISO EN MELIDE





CASTRO & SEXTO

GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.

Manuel Sexto Pampín
Begoña Castro Varela

Tfno./Fax: 981 507 012 Rúa Camiño de Ovedo, 2 - baixo
Móvil: 666 069 228 15800 MELIDE (A Coruña)
www.castrosexto.com castrosexto@gmail.com



Hijos de Casal Marín, S.L.

Promociones - Construcciones

VENTA DE PISOS BAJOS Y PLAZAS DE GARAJE

**Tlf 981 50 53 10 - Fax 981 50 72 29
MELIDE (A Coruña)**



MELIDE

INMOBILIARIA DICIONES

INFORMES

CATASTRO

PARCELARIA

PARTICIONES

VALORACIONES

INMOBILIARIA

Tlf. 981.93.51.08 melidemediciones@galicia.com Rd. Coruña, 68 B. Izq. Melide-A Coruña



INVER GALICIA

C/ Galtelos Os Garcelas,
Bajo nº 3 - 15.800 Melide
Tfno: 981 505 781
www.invergalicia.com

PRESENTAMOS
EN MELIDE UN
NUEVO PROYECTO:

25%

DE DESCUENTO
PARA TU NUEVA
VIVIENDA

FINANCIAMOS
HASTA EL

100%

DE TU NUEVA
VIVIENDA



ESPIÑO

VENTA: PISOS, DÚPLEX, LOCALES COMERCIALES,
APARTAMENTOS, PLAZAS DE GARAJE.

- Construcción de edificios de viviendas.
- Construcción de viviendas unifamiliares.
- Construcción de naves industriales.
- Reformas y decoración de viviendas y locales comerciales.

Les desea felices fiestas

Tfno./Fax: 981 507 729 - Móvil: 617 305 570 • E-mail: m.espiño@construccioneseSpiño.com
C/. Concepción Arenal, 5, bajo - 15800 MELIDE (A Coruña)



PAVIMENTOS Melide, S.C.

• Recreido de suelos para poner plaqueta y madera.

• Hormigón pulido.

Tfno.: 008 580 448 - 017 380 085
C/. Uruguay, 19 - 15800 MELIDE (A Coruña)

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981505160

Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cousa Novas
Rúa do Convento, 30
981507474
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981506358
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564

Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU- CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuero
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608

OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugueiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA- BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

O novo goberno cifra a débeda en máis de 3,5 millóns

Hai máis de un millón de euros en facturas sen recoñecer

O BNG di que os pagos pendentes son “menos da metade” do que deixou o PP

Prado (PSOE) mantén que a cantidade que se adebeda é de 779.260 euros

O primeiro pleno ordinario da nova lexislatura deixou en Melide un baile de cifras referidas á débeda do Concello. O go-

verno fixo cómputo de tódalas débedas que ten o consistorio.

O Concello de Melide debe a provedores e entidades financeiras máis de 3,5 millóns de euros. A débeda existente relacionada coas facturas sen recoñecer ascende a 1.096.580 euros, mentres que a débeda bancaria é de 2.492.200 euros. Ante estas cifras, Vázquez criticou que na lexislatura anterior, o goberno de coalición entre BNG e PSOE “duplicou a débeda do Concello”.

No pleno presentouse un informe do departamento de Intervención -dá conta da actividade económica do consistorio nos últimos tres meses e é obrigatorio para cumprir a Lei contra a Morosidade- no que figuran pagos pendentes por valor de 557.830 euros ata o 31 de marzo de 2011. A esta cantidade sumárase outra de 538.748 euros que correspondería a facturas “entre o 1 de abril e o 26 de xullo”. Vázquez afirmou que “non dispoñemos de orzamento para este ano en curso, non podemos pagar

estas facturas neste exercicio, e aínda podendo, xa se debería do orzamento actual un total de 700.000 euros a pesar de que quedan cinco meses para rematar o exercicio económico”. A alcaldesa recalcou que se está a efectuar a auditoría que comprometera na campaña electoral, pero “no puido ser rematada debido ao constante goteo de facturas que aínda achegan os provedores”.

Baile de cifras

Dende a oposición, BNG e PSOE contraatacaron ao executivo aportando novas cifras. O voceiro socialista, Manuel Prado, aludiu a un informe do 10 de xuño deste ano -un día antes da constitución da nova corporación-, “no que só figuran 779.260 euros de facturas pendentes”.

Pola súa banda, o voceiro do BNG, José María Santín -en ausencia de Socorro Cea-, defendeu que os pagos pendentes son “menos da metade” da que deixou o PP en 2007.

O Concello aforrará un 59% nos soldos de cargos políticos

O pasado 8 de xullo celebrouse o pleno organizativo do Concello de Melide, no que o novo goberno fixo pública a organización das concellerías así como das asignacións salariais ós seus integrantes.

Ánxeles Vázquez anunciou que non cobrará soldo do Concello “mentres reciba unha retribución de calquera outro organismo”, recoñecendo a posibilidade de que a partir do mes de novembro ostente a presidencia da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), feito que foi criticado pola voceira do BNG, Socorro Cea, por “non dedicarse en exclusiva a Melide, como prometeu”. Actualmente, Vázquez percibe unha retribución como diputada nacional, posto ó que prevé renunciar a finais do verán. O seu salario como alcaldesa sería de 42.000 euros brutos anuais, igual ó de Socorro Cea.

En canto ás dedicacións ex-

clusivas fixéronse dúas: unha para a concelleira de Obras, Servizos, Medio Rural e Medio Ambiente, Rosa Cabado, e outra para o departamento de Benestar, Igualdade e Seguridade Cidadá, ao cargo de María Jesús López Mourón. Cada unha percibirá un salario bruto anual superior ós 29.600 euros, o mesmo co que contaban os concelleiros con dedicación exclusiva do anterior goberno.

Deste xeito, o aforro en soldos de cargos políticos é dun 59,57% en relación á anterior lexislatura, case uns 87.500 euros. En caso de que a alcaldesa finalmente cobrara o seu salario das arcas municipais, o aforro sería do 30,96%.

Os plenos ordinarios serán cada dous meses, os mércores ás 20 horas. Ademais, Santos López será o primeiro tenente de alcaldesa, seguido de Dolores Gómez, José Luis Arias e Benito Nebril.

Psicotécnico Santa Ana



Canton de San Roque, 9-1ºD

Tfno. y fax 981 50 50 75

Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le
tramitamos la renovación de su
carnet ante la jefatura de trafico

GRATIS

Certificados
Psicotécnicos:

Conducir (toda España)
Armas
Guardia forestal
Seguridad privada
Perros peligrosos
Buceo y otros
Chequeos médicos
Certificados médicos
Medicina en general

Fomento licita a redacción do tramo da A-54 en Melide

Contrata dous proxectos por un valor total de 6,42 millóns

O Ministerio de Fomento anunciou recentemente a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) da licitación da redacción dos proxectos para a construción da autovía A-54 (Lugo-Santiago) ao seu paso por Melide, que corresponde ó tramo que unirá as localidades de Pallas de Rei e Arzúa.

Segundo o anunciado por Fomento, a licitación está dividida en dúas partes, unha para o tramo que discorre entre os enlaces Pallas de Rei e Melide Sur e outra para o que vai dende este último á saída de Arzúa Sur. No primeiro caso destináronse 2.648.900 euros e para o segundo tramo reserváronse 3.780.000 euros.

O subtramo entre Pallas e Melide ten unha lonxitude de



Terreos por onde discorrerá a autovía, ó seu paso por Melide

11,5 quilómetros e contempla dous enlaces, un no lugar palense de Remonde -que será a conexión co polígono industrial da Madanela-, e outro nas proximidades do campo de fútbol melidense.

O subtramo que vai dende Melide a Arzúa terá 16,5 qm e prevé os enlaces Arzúa Sur e Leste e outro en Santiso, no coñecido "cruce dos oitos".

Único tramo sen comezar
O que transcorre por Melide é

o único tramo da A-54 no que aínda non comezaron as obras. A chegada da autovía a terras melidenses leva un retraso considerable, despois de que o ministerio escollera finalmente -en xuño de 2009- o trazado que transcorre máis próximo á vila, como así reclamaba a veciñanza. O ano pasado produciuse un novo atraso debido á necesidade de modificar o trazado debido á afección da vía de alta capacidade ó LIC Serra do Careón.

Rouban na Casa Rectoral



Os amigos do alleo entraron a roubar na Casa Rectoral de Melide. O incidente produciuse a mediados de xullo, cando un ou varios individuos

entraron por unha das ventanais laterais da vivenda. No interior, forzaron varias portas. Non levaron obxectos de valor, pero si deixaron todo revolto.

A finais de mes comezan as xornadas de limpeza no río

A Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, programou por sétimo ano consecutivo as xornadas de limpeza do río. Celebráronse os días 27 de agosto e 3 e 10 de setembro.

Segundo indicaron dende o colectivo, a limpeza consistirá na retirada de todo tipo de lixo atopado na canle do río e nas súas marxes e levarase a cabo

de maneira manual, ante a Gardería de Medio Rural, que levantará acta dos traballos. Troiteiros e voluntarios limparán o tramo acotado do río Furelos dende a Ponte Romana ata a Ponte de Fraga (Souto-Toques), cun percorrido de 11,5 quilómetros. Os voluntarios deberán inscribirse no número 696 607 348.



IMPRESINDIBLES DEL PEREGRINO



MELIDE

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL
e hijos

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Teléfono/Fax: 981 50 52 91
Móvil: 886 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Teléfono: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

RESTAURANTE - PULPERIA Aloncos II

Especialidade en cocido galego tradicional desde 1950

FINCO IBERICO A P. BIELLA
PUTOS - RACONOS - COCIDOS (con encargo)
CARNE DE BOLA E PEDRA

Avenida de Lugo, 22
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 75 10
Móvil: 615 34 02 89

Albergue Turístico O Apalpador

30/31 San Andrés, 21
15000 MELIDE (A Coruña)

Teléfono: 981 50 52 91
Móvil: 879 837 985
(reservacións e información)

albergueapalpador@hotmail.com
www.albergueapalpador.com

Pulpería A GARNACHA

Camino Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

Móvil: 605 883 268

Yo he dejado mi huella en Melide y en Pulpería "A GARNACHA" me acuerdo de ti.

CAFETERIA CHAPLIN

25 ANIVERSARIO
1986 - 2011



CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre **edificación s sen licenza**, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B

Teléfonos 982-380411 e 982-380149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo

Teléfono 981-505781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

Impulsa Melide, un plan estratéxico para fomentar o emprego na vila

Búscase frear o paro xuvenil con formación e asesoramento a emprendedores

Melide poñerá en marcha un plan estratéxico para contrarrestar o efecto do paro, sobre todo entre a poboación máis nova, e fomentar o emprego.

O concelleiro de Educación, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, Santos López, presentou o plan Impulsa Melide, nun acto celebrado o pasado 19 de xullo, no que ademais de López estivo unha representante da Cámara de Comercio de Santiago, Xosé Manuel Broz Rey, director do Museo Terra de Melide, e Javier Mourino, director da firma melidense Intermex Technology.



O emprendedor local Javier Mourino participou na charla

Obxectivos

Incentivar o espírito emprendedor entre os mozos -do que falou Javier Mourino- é un dos obxectivos do plan, tendo en conta o elevado índice de paro xuvenil. Para isto, contarase co apoio da Cámara de Comercio de Santiago, que pon a disposición o viveiro de empresas.

A formación é outro dos pilares do plan. López prevé a creación dunha oficina municipal de Promoción Económica, onde se ofrezan os servizos dun orientador laboral, así como poñer en marcha unha aula de formación na que se impartan cursos de idiomas e outras disciplinas.

Emprendedores en Melide

Inmobiliaria Melide, nova firma no sector



A comezos do pasado mes de xullo abriu en Melide unha nova firma adicada ó sector inmobiliario, Melide Mediciones, que conta con oficinas na Ronda da Coruña.

Ademais das diferentes xestións inmobiliarias, a empresa -dirixida por José García Penas, no centro da fotografía- ofrece os servizos de medicións de terreos, partición de herdanzas, valoracións de propiedades, xestións ante o catastro, parcelaria ou tramitación do imposto de sucesións, entre outros.

Proxectan recortes para evitar cortes no suministro eléctrico

“O goberno municipal verase obrigado a facer recortes nalgúns servizos co fin de que aqueles denominados básicos se poidan seguir proveendo e non se proceda ao corte de luz na gardería ou nos colexios, instalacións onde xa hai aviso de corte de suministro”. O Concello de Melide anunciaba mediante nota de prensa que procederá ó recorte dalgúns servizos para evitar os cortes

de luz nos edificios públicos. Esta decisión facíase pública recentemente tralo encontro que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, mantivo con representantes das empresas Lumymey, Fuciños Rivas e Gas Natural Unión Fenosa debido á “delicada situación herdada”, cunha débeda de 300.000 euros en luz e co orzamento esgotado para o que queda de ano.

Uns 15 alumnos rematan un curso de deseñador web



Un total de 15 alumnos do centro IFES de Melide remataron recentemente o curso de ‘Deseñador Web e Multimedia’, impartido pola profesora Do-

lores Eiroa Mera. Foron catro meses de formación nos que aprenderon sobre técnicas e o funcionamento de programas para deseñar páxinas web.





IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Melide reforzará a seguridade de xeito especial nas noites de movida

Reuniuse a Xunta Local de Seguridade para coordinar os distintos corpos

A Xunta Local de Seguridade celebrou recentemente unha reunión -convocada de urxencia pola alcaldesa melidense, Ánxeles Vázquez- para analizar a problemática da seguridade na localidade, con atención especial ás noites de movida.

Na reunión, á que asistiron a xefa territorial de Presidencia, Ana Lado, o Comandante interino da Garda Civil en Melide, representantes da Policía Local e de Protección Civil, así como a propia rexedora e a concelleira de Seguridade, María Jesús López Mourón, acordouse coordinar as distintas forzas de seguridade para "conseguir que a movida sexa



A Policía Local volverá patrullar as noites dos sábados

totalmente sana e respetuosa". Nas últimas semanas, e co aumento da afluencia de xente as noites das fins de semana debido ó período estival, rexistráronse varias desfeitas en distintos puntos da vila, que nalgúns casos chegaron a ser de consideración, como a rotura de varios elementos do mobiliario urbano.

Ademais, as queixas polo elevado ruído e polo incumpli-

mento do horario de peche dos pubs e discotecas, tamén van en aumento nesta época.

Ante esta situación, na xuntanza abordáronse distintos "problemas herdados", tales como a ausencia de Policía Local nas noites dos sábados ou a falta de xefe neste corpo. Neste sentido, Ánxeles Vázquez confirmou que axentes da Policía Local volverán patrullar as noites de marcha

FOTO-DENUNCIA

Condutores que non respetan as normas de aparcamento




Cada domingo, coincidindo coa feira, unha furgoneta aparca nas proximidades da Ronda da Coruña, incumprindo varias normas de aparcamento. Non respecta a liña amarela, invade a acera e

obriga aos viandantes a camiñar pola estrada, co conseguinte perigo que isto implica para a seguridade vial. Agardamos que o próximo domingo o condutor opte por aparcar nun sitio axeitado.

ESTUDIO DE ARQUITECTURA
Y URBANISMO

GONZALO NAVAZA MOSTEIRO
Arquitecto técnico

ANTONIO HERNANDO EZQUERRA
Arquitecto



Crtra. de Besexos, 1 - 2ºC
Tfno: 986582280 - 670562308
36590 - VILA DE CRUCES

Rúa Santiago, 11 - 1ºD
Tfno: 981508081
15810 - ARZÚA

LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIONES SIN LICENCIA

Se realizan expedientes de edificaciones sin licencia para obtener declaración municipal de incursión en SITUACIÓN LEGAL de fuera de ordenación total.

(Disposición transitoria tercera, Lei 2/2010)

FIN DE PLAZO: 20 de abril de 2012

Algunos de nuestros proyectos



Aprobado o proxecto de arranxo das casas da Praza das Coles

Na primeira fase da obra investiranse uns 50.000 euros

O Concello de Melide informou de que a Xunta de Galicia aprobou a primeira fase do proxecto de restauración das casas da Praza das Coles, edificacións que a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo adquirira no 2007 -na época do goberno bipartito- co fin de facer un centro de interpretación sobre o Camiño de Santiago e unha oficina de turismo. Tratábase dun ambicioso proxecto cun orzamento duns 450.000 euros, do que agora se reduciu sustancialmente o investimento e non queda aclarado o uso que se lle dará ás casas.

A primeira fase das obras ten un orzamento de 50.000



As casas da Praza das Coles presentan un estado deplorable

euros, segundo comunicou o Concello, e nela faranse traballos de cambio da cuberta, revestimento da fachada e baleirado do interior das casas. O obxectivo desta actuación é evitar o perigo inminente de derrubamento das casas, risco do que xa alertara o anterior equipo de goberno. A anterior alcaldesa, Socorro Cea, remitira varias cartas ao Xacobeo para reclamar a

pronta intervención ante o perigo que implica o precario estado das casas.

O actual equipo de goberno felicítase polo anuncio de aprobación dos traballos, no que supón “un paso en firme por parte da Xunta de cara a unha seguinte fase onde se decidirá cál vai ser o uso da edificación xunto con Xacabeo, sempre estando este vinculado co Camiño de Santiago”.

Emprendedores en Melide

A Taberna do Polígono, punto de encontro na Madanela



A Taberna do Polígono converteuse nun punto de encontro

Contando cunha ampla experiencia no mundo da hostalería -estivo sete anos á fronte do pub O Templo-, Alberto Casal Penas animouse a montar o seu propio bar no polígono industrial da Madanela, en Melide.

Á vista de que no parque empresarial non había ningún establecemento hostaleiro, decidíuse por abrir A Taberna do Polígono, un local que xa é un referente como punto de encontro para empresarios, tra-

balladores e xente de paso no polígono. Casal aproveitou tamén o feito de ter que alugar unha nave colindante ó bar para adicarse á distribución de bebidas, negocio que rexenta dende hai varios anos.

A taberna leva aberta un mes. O seu propietario está moi satisfeito pola excelente acollida da clientela neste tempo. Ademais, en breve prevé comezar a servir comidas -carne á parrilla e pratos combinados- e menú do día.



Polígono da Madanela

SAÚDE BUCODENTAL

Prevención: o mellor tratamento bucodental



Ana Marcos Cardo,
Odontóloga

A pesar de que numerosos estudos amosan unha melloría na saúde bucal dos españois, a realidade é que cada día acuden á consulta numerosos pacientes con grandes lesións, moitas veces con dor moi agudo.

As enfermidades bucodentais mais comúns son as caries e as patoloxías das enxivas, que en fases avanzadas desencadean infeccións e problemas inflamatorios, que moitas veces teñen un tratamento moi pouco exitoso e agresivo.


As consultas regulares son a única forma de facer unha detección precoz dos problemas e así resolvelos dunha forma moito máis sinxela, indolora e menos custosa, que cando a doenza está tan avanzada.

Ademais das revisións periódicas feitas polo teu odontólogo, son importantísimos os hábitos e a hixiene, que van ser determinantes para a saúde bucal das persoas.

RECOMENDACIÓNS PARA A SÚA SAÚDE BUCODENTAL:

1. HIXIENE DENTAL

• **Cepillado dental:** reco-



mendado 3 veces ó día, despois das comidas, sendo o máis importante á noite antes de deitarse. Debemos utilizar un cepillo dental de dureza media-suave, sen empregar moita presión para evitar lesionar as encías. A lingua tamén debe ser escobillada.

• **Dentífrico ou pasta dental:** depende das necesidades de cada paciente. Empregaremos con flúor para protexer o esmalte das caries, con clorhe-

xidina/triclosan para problemas periodontais

• **Fío dental:** debe ser utilizado despois de cada cepillado. É moi eficaz na eliminación da placa bacteriana acumulada nas zonas onde non chega o cepillo.

• **Colutorio:** ó igual que o dentífrico, hai unha gran variedade de produtos segundo as necesidades individuais. Usando un enxagüe bucal durante 30 segundos dúas veces

ó día, redúcese a velocidade de multiplicación bacteriana na boca. Debemos rexeitar aqueles colutorios que leven altos contidos en alcol.

• Aínda que pode ser debido a moitas causas, o mal aliento débese frecuentemente á acumulación de placa bacteriana e sarro. Por iso é fundamental a súa eliminación para manter un aliento fresco e saudable.

2. ALIMENTACIÓN INTE-

LIXENTE

• Debe manter unha **dieta variada e equilibrada**.

• **Reduza o consumo de azúcares**, sobre todo entre as comidas, é preferible tomalos de postre, e despois facer un **bo cepillado**.

• Aumentar a inxesta de **froitas e lácteos** entres as comidas en detrimento dos doces industriais.

3. FACTORES DE RISCO: ALCOL E TABACO

• Numerosos estudos permiten afirmar que o hábito de fumar aumenta en aproximadamente 6 veces, o risco de padecer cancro oral. Se se engade un consumo regular de alcol, esta cifra duplícase.

• O cancro oral ten unha elevada taxa de mortalidade e un tratamento moi agresivo e complexo. A mellor arma fronte a el é o diagnóstico precoz se xa está establecido, e evitar os factores causantes para evitar o risco de padecelo.

4. VISITA REGULAR Ó DENTISTA

• É importante que visite ó seu dentista polo menos unha vez ao ano.

• As consultas regulares son a única forma de facer unha detección precoz dos problemas e así resolvelos de xeito moito máis sinxelo, indoloro e menos custoso que cando a doenza está tan avanzada.

• Nestas visitas pode ser necesario realizar unha limpeza para eliminar o sarro onde non chega o cepillado, recordar os consellos de hixiene bucal, aplicación de flúor para fortalecer o esmalte, etc.

Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA



FESTA DO SAN RAMÓN

A festa máis familiar dos veciños da rúa Segade Bugueiro

A celebración xurdiu hai tres anos, coa idea dun grupo de 'Ramóns'

Pretenden recuperar a vella tradición da xuntanza no cruceiro



José Ramón Mejuto e Ramón López

Cada 31 de agosto -día adicado a San Ramón- dende hai tres anos, os veciños da rúa Mateo Segade Bugueiro de Melide celebran a súa festa. Unha celebración cun ambiente moi familiar que xurdiu da coincidencia de que varios dos veciños levan o nome deste santo tan festexado.

Foi no Bar Cantón, cando catro 'Ramóns' argallaron a festa. Dende aquelas son eles os membros da comisión, pre-

sidida por José Ramón Mejuto Agra, con Ramón López Sánchez como vicepresidente e na que tamén figuran José Ramón Monterroso e Ramón Sesar. A súa intención era recordar de un xeito especial aqueles anos xa pasados nos que no contorno do cruceiro se celebraba tódolos anos o 12 de outubro a festividade do Pilar, patroa da Garda Civil. Eles quixeron facer da "festa dos Ramóns" un referente na zona.

Coa venda de camisetas e rifas, así como con algunha pequena axuda do Concello, sufragan a celebración. O orzamento deste ano ascende a 3.500 euros.

Teñen programada a actuación dunha agrupación musical. E como é habitual, estará a pulpeira Aurora do Carballiño e haberá o xa tradicional pregón a cargo de Xavier Pazo, presidente da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'.

CENTRO VETERINARIO
Chelo Crespo

Mónica Blanco Fernández
veterinaria

Calvo Sotelo 11
15800 Melide
A Coruña

movil 629507958

Chelo
FLORISTERÍA

R/ Alhondiga
15.800 MELIDE (A Coruña)

Telf.: 981 50 58 76
Móbil (24 Horas): 676 14 23 30

Café-bar Cantón

Tfno: 981 50 55 69

Mateo Segade Bugueiro, 29
15800 MELIDE (A Coruña)

Impermeabilización de fachadas y terrazas
Pintura interior lisa y en relieve
Pulido y barnizado de suelos

José Antonio Prado Seoane

Penacoba, 2 - Os Ánxeles
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno: 639 56 96 25

Sousas
Mahou
Carlsberg
Zumos Juver
Trina
Schweppes

Casa Juanito

Costeira - Eterra
Campo Viejo
Alcorta- Azpilicueta
Muga - Coto
Marqués de Riscal
Paternina - Añares
Condes de Albarey
Pazo de Sarantellos
Vega Sicilia

Rúa Mateo Segade Bugueiro, 39 Tfno e fax: 981 50 51 03 15800 - MELIDE (A Coruña)

Alfonso
Modas

Tfno: 981 50 54 58 - Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Droguería
Lopal

Saída da alcaldesa

Queridos veciños/as e visitantes de Melide:

É para min unha gran satisfacción dirixirme a todos/as vós como alcaldesa de Melide mediante o tradicional saúdo da Alcaldía co motivo das Festas de San Roque 2011. É o meu desexo e de toda a Corporación municipal que presido que todas e todos as/os melidenses e aqueles/as que nos visiten compartan estes días tan merecidos de lecer, ocio e diversión.

Melide, e polo San Roque máis ca nunca, é un punto de encontro, de acollida, de convivencia e de saber compartir. Características salientables dos nosos sinais de identidade que conformamos e conservamos ao longo da nosa historia e que nunca debemos perder. Temos que estar orgullosos do que somos, do que temos e de mostralo a todo o mundo, acentuando sempre o noso carácter hospitalario.

Desexo que desfrutedes dos actos para este San Roque 2011 e espero que sexan do voso agrado. Sabemos que é difícil contentar a todos os gustos e idades, pero que saibades que é un programa no cal puxemos toda a nosa ilusión e esforzo para que fose o máis plural posible. Neste aspecto quero felicitar e agradecer ás distintas concellarías e traballadores do Concello, así como ás asociacións, empresas, clubs e colaboradores particulares da nosa vila pola súa axuda e traballo realizado, sen eles sería moi difícil elaborar e desenvolver este programa de festexos.

Por último, desexarvos unhas felices festas e animarvos a que participedes nelas dun xeito respectuoso.

Ánxeles Vázquez Mejuto
Alcaldesa do Concello de Melide



Concello de Melide

AGOSTO Melide'11 SAN ROQUE

15
LUNS

CONCERTO DA **ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE**

16
MARTES

GRUPO DE GAITAS "FROITO NOVO"
BANDA DE MÚSICA ARTÍSTICA DE MERZA
CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE
ORQUESTRA OLYMPUS **ORQUESTRA XENTE NOVA**

17
MÉRCORES

BANDA AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL
ORQUESTRA GRAN PARADA **ORQUESTRA ACHÉ**

18
XOVES

BANDA DE MÚSICA DE MELIDE
ORQUESTRA SINTONÍA DE VIGO
ORQUESTRA CINEMA

19
VENRES

DÍA DO RÍO - CHARANGA TRALLA 101
TUNA DE VETERANOS DA CORUÑA
ORQUESTRA PARIS DE NOIA
ORQUESTRA LEDICIA

20
SÁBADO

CONCERTO DO GRUPO
CORNELIUS 1960

21
DOMINGO

DÍA DO NENO
CONCERTO **MELIDE VIDA-MUSICAL**

Espectáculos **ANGEL & SEOANE**
MÉLIDE - MONTERROSO Tfno. móbil: 617 38 48 60

 **CONCELLO DE MELIDE**

Praza das Universidades, 5 baixo Tel. y fax: 981 506 228
 15800 Melide. A Coruña Móvil: 696 422 484
 angelriveiro@futurnet.es

CLÍNICA MÉDICA Rosalmar

Dr. Angel Riveiro Pérez
DIRECTOR MÉDICO

- **Medicina general:**
 Adultos
 Infantil
- **Análisis clínicos**
- **Reconocimiento médico laboral:**
 Empresas
 Autónomos
- **Concierto con:**
 Cías. de seguros
 médicos privados
 Mutuas laborales
- **Valoración de daño corporal**

ESPECIALIDADES:

- TRAUMATOLOGÍA** ·
- Urología ·
- Ginecología ·
- Podología ·
- Psicología ·
- Fisioterapia ·
- Osteopatía ·

TECNOLOGÍA DIAGNÓSTICA:

Ecógrafo digital

ALOKA
illuminate the change

Unidad radiológica

SIEMENS
medical

CENTRO AUTORIZADO POR LA CONSELLERÍA DE SANIDADE CON N° DE REGISTRO: C-15-001524



Psicotécnico

- Permiso de conducción
- Licencia de armas
- Licencia de seguridad privada
- Licencia de tenencia de animales potencialmente peligrosos
- Operador de grúa-torre / grúa-torre autopropulsada
- Seguridad privada
- Otros

CRC 0108



HORARIO:

De lunes a viernes:
De 9:00 a 14:00 h. y de 16:00 a 21:00 h.

Sábados y domingos:
de 10:00 a 13:00 h.

¡Sin cita previa!

HACEMOS LA TRAMITACIÓN EN TRÁFICO

Con la nueva normativa, el certificado de aptitud tendrá validez nacional, no provincial como hasta ahora, lo que significa que el conductor que tenga que renovar su permiso de conducción lo pueda realizar en cualquier lugar donde haya un centro de reconocimiento o una Jefatura de Tráfico.



Titular médico: Dr. ÁNGEL RIVEIRO PÉREZ

Praza das Universidades, 5 bajo
15800 Melide. A Coruña

Tel.: 981 506 228

Os concellos terán que devolver ó Estado 255.000 euros do 2009

O municipio máis afectado é Melide, ó ter que reembolsar 80.370 euros

O Ministerio de Economía y Hacienda publicou recentemente os datos da liquidación definitiva da financiación das administracións locais correspondentes ao ano 2009. Os concellos da Terra de Melide terán que devolver 254.953 euros ó Estado. Isto débese a que as entregas a conta que recibiron os municipios en concepto de participación nos ingresos estatais foron superiores aos que finalmente se percibiron. Este é o segundo exercicio económico consecutivo no que isto sucede, o que fará resentir as arcas municipais, que ven como as cantida-



Os concellos da comarca terán que devolver cartos ó Estado

des que perciben do Estado se reducen nos últimos anos.

Por concellos, o que terá que reembolsar a cantidade máis elevada é Melide, cun total de 80.370 euros a devolver. Séguelle Sobrado, con máis de 75.670. Pola súa banda, Santiso e Toques terán que reintegrarlle ás arcas estatais unha cantidade semellante, 49.720

e 49.190 euros, respectivamente.

Os catro concellos da comarca teñen que devolver cantidades maiores que as correspondentes á liquidación de 2008. Nese exercicio Melide tivo que reintegrar 124.355 euros, Santiso 31.785, Sobrado 49.080 e Toques 31.265 euros.

Santiso gozou durante un día da Copa do Mundo



Varios membros da corporación posaron coa Copa do Mundo

“Impresiona totala”. Iso foi o que dixeron moitas das persoas que puideron ver e tocar a Copa do Mundo en Santiso. Un ano e un mes despois de que España gañara o Mundial en Sudáfrica, a copa chegou a terras de Santiso.

A presenza da figura doucada na Casa Consistorial de Santiso levantou moita expectación, e foron moito os que

acudiron a facer unha foto con ela, emulando ó capitán da selección, Iker Casillas.

Durante toda a mañá do día 7, a copa estivo a disposición de todo aquel que quixera vela na Casa do Concello. Pola tarde foi testemuña de excepción no partido que disputaron o Santiso e o Toques.

Continúa a polémica electoral en Santiso

Santiso continúa inmerso na polémica tralo cambio de goberno, máis de dous meses despois de que se celebraran as eleccións municipais.

Primeiro foron unhas pintadas contra o novo goberno tripartito -integrado por PSOE, BNG e IS- aparecidas na fachada da Casa do Concello e nas proximidades da escola de Visantoña. Despois soubóse das desfeitas en árbores do recinto da piscina de Visantoña.

Desta volta, trátase dunha carta enviada ós veciños por parte do ex-alcalde e voceiro do PP, Ovidio Leiva, na que acusa ós membros do goberno de facer unha “noxenta campaña electoral” e de “enganar e coaccionar ós cidadáns con tal de sacarlles o voto”.

Leiva asegura que remitiu esta misiva para “poñer en coñecemento dos veciños que os están a enganar”. “Todo o que digo podo avalalo con documentos”.

Entre outras cousas, critica o aumento do custo salarial dos cargos políticos. Afirmar que agora o custo total das dedicacións é de 66.368 euros, mentres que na súa etapa era

de 52.428 euros. Fontes municipais aseguraron que “os salarios son os mesmos que o que cobraba el” e indicaron que o Concello ten un aforro mensual de arredor de 400 euros, xa que o actual alcalde segue desempeñando as funcións no posto que antes tiña asignado no Xulgado de Paz.

Dende o goberno califican de “deplorable” a actuación do ex-alcalde, “que entrou en cuestións que entran dentro do terreo da difamación”. “O que debe facer e centrarse na súa labor de oposición e preocuparse polos verdadeiros problemas do concello”.

Alusións persoais

Na misiva, Leiva fai varias alusións persoais. Entre outras, o voceiro do PP fala de Pablo Balboa -edil do BNG- como “militante do PP ata agora”. Pola súa parte, o edil nacionalista asegura que isto é unha “falsedade” e que o ex-alcalde “non mo puido demostrar”. “O único que ten é unha listaxe cunha serie de nomes na que non existe a miña sinatura e nin sequera o meu número de carné de identidade”.

Concerto de fin de curso na escola musical de Visantoña



Os alumnos da Escola de Música de Visantoña celebraron o fin do curso cun concerto no campo da festa da parroquia. Houbo actuacións do grupo de

clarinetes, trompetas, frauta e bombardino, que tocaron obras de Schumann, Purcell ou Herner. Tamén actuou o coro infantil e o grupo de baile.

Sobrado prepárase para a Feira da Troita á Montañesa

A XII edición da Feira da Troita de Sobrado dos Monxes celebrarase os días 20 e 21 de agosto. O primeiro día celebrarase o Festival Musical e Intercultural da Xuventude, que terá como cabeza de cartel ó grupo de rap metal Def con Dos. Actuará como grupo teloneiro Riff Raff.

O día grande será o domingo 21. Ademais de degustar troita

á montañesa na Praza do Concello e nos locais hostaleiros da localidade, os asistentes poderán gozar da música coa orquestra Fania Blanco Show, co grupo de baile tradicional A Maristela e coa percusión de Trópico de Grellos. Coma en outras edicións tamén haberá mostra de artesanía, diversas actividades e pregón a cargo de un persoeiro destacado.

Actividades para os máis pequenos en Toques

Os cativos de Toques poderán gozar dunha divertida axenda cultural que programaron dende o Concello para os meses de agosto e setembro. As actividades celebraranse as fins de semana e serán todas elas gratuítas.

A primeira delas será unha sesión de maxia -‘A Casiña da Maxia’- a cargo de Christyan Magic. Celebrarase o sábado 6 de agosto, ás 18.00 horas na praza do Multiusos de Souto.

Peter Punk traerá o espectáculo ‘Novo Circo’, onde reinventa de xeito divertido o concepto tradicional do circo. Será o venres 27, ás 18.00 horas, tamén na praza do Multiusos de Souto. En caso de chuvia, o espectáculo trasladarase ó pavillón polideportivo.

O broche final poñerano a noite de cine, que se celebrará o domingo 11 de setembro. Proxectarase a película de animación infantil ‘Up’, ás 22.00 horas, no campo da festa de Brañas. En caso de que choviera, a proxección do filme farase na escola desta aldea.

ENTREVISTA

Xosé Núñez López, escritor: “Escribir prodúceme tanta satisfacción mental coma saborear un bo prato de comida”

Xosé Núñez López (Visan-toña) presentou o 24 de xullo os seus últimos libros, publicados ámbolos dous neste 2011. ‘Eu son fillo de nai solteira’ é un volume autobiográfico, no que conta a vida da súa nai. En ‘Experiencias vividas en la España franquista’, relata varios casos de estraperlo, contrabando, fraude e emigración, que el mesmo tivo a oportunidade de vivir debido ao seu traballo como garda civil naquela época.

-En ‘Eu son fillo de nai solteira’ repasa moitos detalles da súa vida cando era mozo

-Conto a vida de miña nai, que creo que nunca máis volveu ser feliz dende que quedou embarazada para terme a min, cando aínda estaba solteira. A miña intención era facer unha novela con esta historia, pero ao final é unha obra autobiográfica.

-O segundo libro que escribiu este ano tamén parte das súas experiencias persoais

-Fun garda civil en Cataluña durante moitos anos. Alí vivín moitas experiencias, sobre todo na fronteira da Junquera, no límite con Francia. Traballei no porto de Barcelona e aquí en Galicia no de Vigo e Vilagarcía de Arousa. Todos eles foron traballos relacionados coa vixilancia das aduadas e por iso puideron coñecer casos de estafas e contrabando aos que dos que a maioría da xente non tiña información.

-Aos seus 84 anos ten unha memoria de luxo



Xosé Núñez con Daniel Roibás, presentador do acto



A familia de Núñez estivo presente na presentación dos libros

-A maioría dos dez libros que publiquei están baseados nos meus recordos. Na Garda Civil acostumeime a gardar copia de tódolos escritos, incluso teño copias das cartas que mandei á familia. Tamén teño un arquivo importante de noticias publicadas nos medios, ata de xornais franceses.

-De onde procede a súa afición por escribir?

-Comecei a escribir aos medios de comunicación en 1962, a unha revista relixiosa adicada a San Antonio de Padua. Dende aquela mantiven o costume. Para min, escribir prodúceme tanta satisfacción mental coma saborear un bo

prato de comida. É unha droga, unha distracción que me dá moitas satisfaccións.

-Precisamente, é moi curiosa a historia de cómo aprendeu a escribir

-Foi en Manlleu, unha vila do interior de Barcelona. Un coñecido levoume á oficina da Falange e alí tiñan unha máquina que me impresionou. Deixáronme usala e ía tódalas tardes para alí.

-Ten algún novo proxecto en mente?

-Os escritores dicimos que sempre temos un libro na cabeza. Eu agora mesmo teño máis de un.

Santiso apúntase ao tenis de mesa



O pavillón de Arcediago acolleu o primeiro campionato de tenis de mesa que se celebra en Santiso, organizado pola asociación Aires da Beseña. Participaron unhas 20 persoas e foron Luis Vázquez de Visan-

toña e Martín Carral de Liñares os que lograron chegar á final despois de gañar catro partidos contra os seus rivais. O gañador foi Martín Carral. Dende a organización xa pensan na próxima edición.

esquiel
eventos privados

Excelentes menús
regados con vinos RIOJA

15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 50 52 91 - 686 58 33 78

Frutas La Andaluza
Especialidad:  verdura del país

Xosé González de la Torre
XERENTE - Tfno.: 606 970 498

Tfno.: 981 506 034 - 656 699 288
Xpam XXIII (Corte e Corte de Carde Gato)
15800 MELIDE (A Coruña)

FROITERÍA Tfno.: 981 507 938
Castón de San Roque, 3
15800 MELIDE (A Coruña)

RESTAURANTE

Rúa do Convento, 7
15800 - MELIDE

Tf: 981505326
restaurantecasaquinzan@gmail.com

ELECTRICIDAD *Jorge López Vilela*

VILELA 

 **ELECTRODOMÉSTICOS**

- INSTALACIONES ELÉCTRICAS
- MATERIAL ILUMINACIÓN
- ELECTRODOMÉSTICOS
- CALEFACCIÓN E. TARIFA NOCTURNA
- CALEFACCIÓN BAJO CONSUMO

Tfno.: 981 50 59 00 - Fax: 981 50 78 44 - móvil: 609 65 20 83
Alfonso Castelao, 9 y Arda. América, 41, bajo • 15900 MELIDE (A Coruña)

A comarca vive o mes con máis festas ateigada de visitantes

No San Roque actuarán as orquestras máis coñecidas do panorama actual

As festas de Santa María e San Agustín, moi agardadas

Chegou agosto, o mes das festas por excelencia. Ó longo dos seus trinta e un días a Terra de Melide vestírase de longo para celebrar multitude de festexos. Por iso, xa se contan por centos os visitantes que reciben as nosas vilas e aldeas, entre os que destacan os emigrantes, que visitan á familia como acostuman a facer cada ano.

Entre as festas máis agardadas está o San Roque de Melide. Este ano, a pesar de terse deseñado a programación a última hora debido ao cambio de goberno, as festas prolongáranse durante case unha semana. Comezarán o día 15, cun concerto da Orquestra Sinfónica de Melide que, despois de catro anos, volverá actuar polas festas grandes da localidade. Tocarán ás 23.00 horas na Praza do Convento.

Os días seguintes, ata o sábado 20, o Concello progra-



As bandas non faltan en ningunha das festas da comarca

mou as actuacións de diferentes orquestras, entre as que se encontran algunhas das máis apreciadas do panorama actual coma Olympus, París de Noia, Aché ou Cinema.

O fin de festa poñerá Cornelius 1960, un grupo procedente de Vilagarcía de Arousa que mestura rock, pop e funky. O concerto será ás 23.00 horas no Cantón de San Roque.

Xusto antes das festas grandes da vila, numerosas aldeas celebrarán a Santa María.

Pasadas estas datas, outra cita importante na comarca é o San Agustín de Visantón, que, como ocorre ano tras ano, de seguro que será unha das citas máis multitudinarias do verán na comarca.

Tamén a finais de mes se celebrará a Feira da Troita á Montañesa de Sobrado, unha das citas gastronómicas máis sonadas da zona.

Verán cultural

Melide ten o seu propio calendario de actividades para este mes de agosto. A concellería de Cultura, Deportes e Normalización Lingüística deseñou un completo programa de lecer para tódolos públicos -aínda que adicado na súa maior parte aos cativos- que se desenvolverá ao longo de todo o mes. Deste xeito haberá actividades tódolos días, dende o 2 ao 29. Haberá proxeccións de cine na rúa, títeres, espectáculos de maxia e concertos de diversos grupos e estilos musicais.

En palabras da concelleira Dolores Gómez, trátase de "ter un verán cultural na nosa vila sen ter que desprazarnos". Consegui que Melide se convirta no centro de atracción cultural de toda a comarca tamén está no obxectivo desta programación.

Ferreiro faise co podio en Avilés, na antesala do rally 'Terra de Melide'

Partía como claro favorito e non defraudou. O piloto melidense Jesús Ferreiro foi o gañador da trixésimo quinta edición do Rally de Avilés (Asturias) para vehículos históricos, na proba de velocidade.

Ó volante do seu Porsche 911 RS e acompañado polo seu copiloto habitual Javier Anido, Ferreiro logrou o mellor tempo en sete dos oito tramos cronometrados dos que constaba a proba, facendo uns 110 quilómetros de percorrido.

A seguinte proba puntuable para a Copa de España de Vehículos Históricos será o rally Terra de Melide, que se disputará en setembro.



Ferreiro e Anido subiron ó máis alto do podio en Avilés

Solicitarán un campo de traballo para o 2012



Ovidio Rodeiro acompañado por Ánxeles Vázquez en Furelos

O goberno melidense anunciou recentemente que, de cara ao próximo ano, presentará ante a Dirección Xeral de Xuventude, un proxecto para que Melide poida contar cun campo de traballo. Trátase dunha actividade encamiñada a favorecer a participación da mocidade a través da colaboración voluntaria en traballos culturais, ambientais, sociais ou arqueolóxicos.

Así o desvelou o executivo

trala visita do director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, ao campamento de Furelos.

Rodeiro, que compartiu xantar cos mozos que están a gozar duns días de descanso á beira do río, estivo acompañado pola alcaldesa melidense, Ánxeles Vázquez, e pola concelleira de Xuventude, Dalia García, quen lle plantexaron as deficiencias subsanables das instalacións e as necesidades de material.

A Sala 600 acolleu o concerto do grupo Poutrelles Fever



A música da banda parisina Poutrelles Fever soou recentemente na Sala 600 de Melide. O grupo francés, que mestura os estilos alternativo, rock e swing, presentou o seu último

disco -publicado en abril deste ano- 'On est où là?', nunha impresionante sesión en directo. Tiveron como teloneiros á formación galega La Acústika Asesina.

Lobelle e Azkar competirán en Melide o 15 de agosto

Os dous grandes clubs do fútbol sala galego, o Lobelle de Santiago e o Azkar de Lugo, enfrontaranse o vindeiro 15 de agosto nun torneo organizado polo Melide Fútbol Sala.

O partido disputarase ás 20.00 horas no pavillón polideportivo da localidade. A difícil situación económica

impediu que o equipo organizara un torneo similar ao do ano pasado, no que estiveron presentes os mellores equipos do panorama nacional.

Xusto antes do partido, ás 18.00 horas, será a presentación do equipo para a temporada que comeza, na que aspiran ao ascenso.

Os Melidaos continúan coa tradición gaiteira

O grupo naceu no ano 2004, a partir da unión dos distintos compoñentes

Presentaron o seu primeiro disco en maio de 2010 e xa preparan o segundo

Corría en Melide o ano 2004 cando un grupo de músicos con fondas inqedanzas e admiración pola música tradicional galega decidían fundar Os Melidaos.

Á fronte desta apaixonante aventura están José Blanco -Pepiño-, Marcelino Vázquez, Pepe Taboada, Luis Casal, Xele Barrio e Antonio Raposo. Son músicos de diferentes xeracións e variada procedencia, que consideran que a música tradicional é un tesouro que cómpre conservar e difundir.

Que ben baila, que ben baila
O grupo non deixou de progresar dende a súa fundación e en 2010 chegou o seu primeiro disco, titulado 'Que ben baila, que ben baila'. O traballo está composto por 11 cancións e del editáronse unhas 300 copias.

A presentación oficial do disco foi o 29 de maio do ano pasado, no Multiusos de Melide. O acto foi moito máis que unha simple presentación ou concerto, -intercaláronse



De esquerda a dereita os compoñentes de Os Melidaos: José Blanco (Pepiño), José Luis Casal, Antonio Raposo, Marcelino Vázquez, Xele Barrio e José Taboada.

Os seus compoñentes

Antonio Raposo Gaita e voz principal

Toca a gaita dende os 16 anos. No 2004 incorpórase á coral Cantigas da Terra, onde coñece a Marcelino Vázquez, José Luis Casal e Pepe Taboada. Ten como referentes ás corais galegas históricas, como Cantigas e Agarimos, Coral Ruada de Ourense ou Toxos e Flores de Ferrol.

José Blanco 'Pepiño' Bombo e gaita

Os seus comezos foron no grupo Froito Novo, a onde chegou da man de Gabriel de Garceiras. No 1980 trasladouse a Madrid, onde formou parte do grupo de gaitas do Centro Gallego. Tras reincorporarse a Froito Novo despois de volver a Galicia, decide

abandonar esta formación e fundar Os Melidaos.

José Taboada Clarinete e gaita

Contaba con só sete anos cando lle mercaron a súa primeira gaita. É membro fundador do grupo de gaitas Millo Verde e integrante da coral Cantigas da Terra e do Ballet Galego Rey de Viana.

José Luís Casal Lema Tamboril e pandeireta

Iniciouse na música tradicional no 1982, no grupo Santaia de Santa Cruz de Oleiros. Foi cofundador da banda de música desta localidade. Con 12 anos intégrase na coral Cantigas da Terra, onde coñece Os Melidaos. Comezou substituíndo ó antigo tamborileiro,

Ramón Botana, e agora está plenamente integrado no grupo.

Marcelino Vázquez Fdez. Gaita

O cuarteto musical da súa aldea natal, en Guntín, servíulle de inicio. Á volta dun tempo fóra de Galicia pasou a formar parte dos grupos Os Labregos, da Coruña, e Cinco de Galicia.

Xele Barrio Blanco Acordeón

Comezou tocando a pandeireta de neno. Ós 21 anos incorporouse a Froito Novo, tocando a gaita. Nos Melidaos comezou co acordeón, instrumento que decidiron incorporar no grupo. Gustaríalle integrar tamén a zanfona.

pezas musicais e breves intervencións que recordaron a fonda raigame musical da vila melidense- posto que serviu de homenaxe a todos os grupos de música tradicional da Terra Melide, unha zona cunha fonda tradición gaiteira, na que naceron algunhas das máis grandes referencias no mundo da música tradicional.

Precisamente, na súa primeira obra discográfica, Os Melidaos quixeron render unha homenaxe a todos os músicos populares, ben sexan anónimos ou recoñecidos, que contribuíron a que a música tradicional e os instrumentos populares formasen parte do noso ser como pobo cunha identidade definida.

Dende os seus comezos como grupo tiveron claro que o seu obxectivo sería poñer en valor a cultura galega, dignificar a nosa música e acadar o fin último da mesma: a diversión do pobo.

O éxito de 'Que ben baila, que ben baila', traspasou as fronteiras da Terra de Melide e, no Nadal de 2010, Os Melidaos ofreceron unha actuación na vila coruñesa de Sada, na que o numeroso público que presenciou o concerto quedou abraiado coas voces e a música do grupo melidense.

Segundo disco

A pesar de seguir interpretando as pezas do primeiro traballo, Os Melidaos xa levan tempo preparando o segundo disco. Aseguran que vai sorprender ao público, xa que incorporarán o canto dun xeito moi especial.

Non ofrece ningunha dúbida de que por este camiño, Os Melidaos convertiranse nun grupo referente no mundo da música tradicional galega.



moda

Tfno.: 981 942 415
Ronda de La Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)



Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

Ultiman detalles para o II Encontro Interxeneracional de Charamela

Nenos e maiores demostrarán as súas habilidades no concurso ‘Ti si que vales’

Por segundo ano consecutivo, a Asociación Cultural Charamela de Melide organiza o Encontro Interxeneracional Terra de Melide, co obxectivo de fomentar as relacións entre cativos e maiores e a súa participación conxunta nas actividades que propoñen.

A xornada programada para este ano segue o esquema da edición pasada, pero presenta varias novidades. Todas as actividades desenvolveranse na Praza do Convento.

Ás 11.30 abrirase a mostra de xogos populares tradicionais. Desta volta contarase con novos xogos, para fomentar a participación da xente, segundo confirmou a presidenta da asociación, Mary Gómez.

Á mesma hora, e con continuidade pola tarde, haberá unha exposición de artesanía,



A obra de teatro ‘Véndese mula’ representarase ás 21.30 horas

na que se poderán ver creacións en distinto tipo de materiais feitas por persoas da comarca e doutras zonas.

A partir do mediodía e ata as 14.00 horas terá lugar un obradoiro de cociña, no que nenos e maiores poderán participar elaborando diferentes pratos. Haberá premios para as creacións gastronómicas máis elaboradas.

Xa pola tarde, entregaranse os premios do certame de relatos curtos -ás 19.00 horas- que despois do éxito do ano pasado, desta vez contou con

máis participación. A partir das 19.45 horas, celebrarase o concurso ‘Ti si que vales’, no que calquera persoa poderá demostrar as súas dotes cantando, bailando, contando chistes, facendo maxia ou con calquera outra actividade.

Para rematar a xornada, na que colaborará a asociación de fotografía Enfócame sacando fotos de tódalas actividades, o grupo de teatro de Charamela poñerá en escena a obra ‘Véndese Mula’, na que actuarán cinco dos compoñentes máis novos do grupo.

Dous melidenses competirán no campeonato galego de San Huberto

Eduardo Blanco ‘Naco’ e José Luis Tarrío son integrantes de Peña Arcea

O prestixioso campeonato de caza de perdiz San Huberto terá este ano dous representantes melidenses na final da competición a nivel autonómico. Eduardo Blanco ‘Naco’ e José Luis Tarrío competirán o próximo 14 de agosto para alzarse co prezado trofeo.

A final do torneo disputarase na localidade coruñesa de Cedeira. ‘Naco’ e Tarrío, ámbolos dous compoñentes de Peña Arcea, chegaron a esta fase despois de superar numerosas probas que se levan disputando en distintas vilas galegas dende o pasado mes de abril.



Tarrío e Naco adestrando ós seus cans

Ámbolos dous son cazadores experimentados neste tipo de competicións. ‘Naco’ foi campión galego de San Huberto no 2007 e tamén campión de Portugal na mesma modalidade. Este ano competirá acompañado de Comba, mentres que Tarrío irá con Yellow.

O cazador que gañe o trofeo pasará automaticamente a

desputar o campeonato español desta modalidade de caza.

Afixo O Muíño

Peña Arcea ten un afixo, denominado O Muíño, polo que tódolos cans que crían levan esta denominación, recoñecida a nivel europeo. As razas que crían son setter irlandés, setter gordon e pointer.

Continúa a XXXI edición do torneo ‘Concello de Melide’

O fútbol sala segue a ser un dos deportes máis arraigados en Melide. Proba diso é a celebración da XXXI edición do torneo ‘Concello de Melide’ -organizado polo Cire- que comezou a disputarse o pasado 4 de agosto.

Este ano a participación é numerosa. Iniciaron a competición un total de 25 equipos, divididos en oito grupos de tres equipos cada un, agás un composto por catro.

O calendario da primeira fase comezou a disputarse o día 4 e rematou o 9. Os partidos xóganse en horario de tarde, a partir das 19.20 horas, no pavillón polideportivo. Pasaron á segunda fase os primeiros dous equipos de cada grupo, polo que continúan na competición 16 equipos.

A asistencia de espectadores nos partidos é notoria, xa que o fútbol sala ten moitos afeccionados en Melide.

A Fundación acolleu o concerto de Peta Zeta Top



O melidense Brais Martínez, á esquerda

O grupo Peta Zeta Top ofreceu un concerto na Fundación a finais de xullo. Esta banda, da que forma parte o músico melidense Brais Martínez, xunto con Jose de Palas e Pablo de

Sobrado, naceu como tributo ó grupo estadounidense ZZ Top, característico polo seu rock texano e por conservar os seus compoñentes orixinais despois de 40 anos tocando.

Simon Chainsaw actuou no pub Gatos de Melide



Simon Chainsaw durante o concerto que ofreceu en Melide

O roqueiro australiano Simon Chainsaw ofreceu recentemente un concerto no pub Gatos de Melide. Presentou o seu último disco, Eighth Times Lucky, no que fai unha retros-

pectiva da súa carreira musical entre os anos 1999 e o 2010. As súas cancións teñen reminiscencias da música de AC/DC, Foo Fighters, Stones, Pistols, Who e Motorhead.



ALOHA



Melide

GRUPO KULL

DISCOTECA
Kull

Pontecarreira

DISCOTECA
NICOL'S

A Estrada

ALOHA
DISCO

Touro

Pub LUX

Pontecarreira

Ducias de mozos aprenden as artes da pesca fluvial grazas a 'Río Furelos'

A asociación de troiteiros quixo concienciar aos participantes no respecto ó medio

As 'Aventuras nas terras dos Ulloa' continúan para ducias de mozos de toda Galicia. No marco deste programa, a Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide participa mediante diversas iniciativas, cuxos obxectivos son "concienciar no respecto e coidado do medio ambiente".

Os troiteiros melidenses programaron diversas actividades ó longo de dúas xornadas. Fixeron proxeccións comentadas das xornadas anuais de limpeza do río, impartiron un pequeno cursiño



Os mozos fixeron un percorrido polas beiras do río

de montaxe de mosca e culle-riña e amosáronlles aos rapaces cómo facer un lance, os lugares apropiados para facelo, as medidas que deben ter as capturas e cómo é a vida subacuática nos ríos.

Dende a asociación de troiteiros melidenses amósanse

agradecidos "por esta oportunidade de introducir á xente nova nunha realide, a vivencia directa da natureza, dos nosos ríos e da nosa paisaxe, que lles resulta descoñecida e nalgúns casos mesmo exótica polo modelo de vida no que están mergullados".

O Q+? convértese no edén dos gintonics



O pasado 15 de xullo o pub Q+? de Melide celebrou a festa do gintonic e contou coa presenza de José Cruz, barman acrobático (na foto á dereita, con Alberto Buján). Foron moitas as persoas que pasaron polo local a probar os preparados elaborados coa especialidade xenebra premier.

O seu propietario, Alberto Buján, amósase moi satisfeito polo éxito que suscitou a novidosa festa entre o público. En agosto celebrarán máis eventos, que incluírán o reparto de numerosos premios.



Emilia Pardo Bazán, 10
15800 MELIDE (A Coruña)

**O PUB DE MODA
NA MOVIDA
DE MELIDE**

VIÑOTECA



ZONA DOS VIÑOS
Praza da Herba, 10 - MELIDE

Critican a supresión da Feira do Libro no Camiño

O BNG de Melide criticou recentemente a supresión da Feira do Libro no Camiño, que se celebraba dende hai tres anos a comezos de agosto. Segundo explicou a voceira nacionalista, Socorro Cea, a xustificación que fai o actual goberno da eliminación desta actividade é "a situación económica herdada". Cea asegura que este feito se debe a que o novo executivo "carece de in-

terese e sensibilidade por este tipo de eventos culturais".

Nesta actividade participaban arredor de dez libreiros de toda Galicia e estiveron presentes importantes escritores como Xavier Alcalá, Santiago Jaureguizar, Inma López Silva ou Xosé Vázquez Pintor, escritor local. Melide era ata agora o único concello do Camiño Francés que contaba cunha feira do libro.



Tfno.: 981 507 097
Alexandre Bóveda, 13 - MELIDE

AXENDA AGOSTO

-dende o 2 ata o 29 de agosto: Verán Cultural en Melide. Cine na rúa, teatro, maxia, títeres, concertos... Consultar programación na páxina www.concellodemelide.org.

-domingo 14: II Encontro Interxeneracional Terra de Melide. Na Praza do Convento a partir das 11.30 horas. Máis información na páxina 22.

-luns 15: presentación do equipo do Melide Fútbol Sala. Ás 18.00 horas no pavillón polideportivo. Ás 20.00 horas partido entre o Lobelle e o Azkar no pavillón municipal.

-dende o luns 15 ata o sábado 20: festas de San Roque, Melide. Consultar programa na páxina 15.

-sábado 20: Festival Musical e Intercultural da Xuventude de Sobrado dos Monxes. Actuarán os grupos Def con Dos e Riff Raff.

-domingo 21: Feira da Troita á Montañesa en Sobrado. Degustación, mostra de artesanía, actuacións musicais (Fania Blanco Show, A Maristela, Trópico de Grelos).

-sábado 27: festa campestre da Cornella, Pontearce-diago, Santiso.

A Taberna de Morrigan, novo local na Zona dos Viños



Manuel Conde, Yelma e Alberto



Foron moitas as persoas que estiveron na inauguración do local



Melide conta dende hai poucas semanas cun novo establecemento hostaleiro na Zona dos Viños, moi concorrida por melidenses e visitantes nas noites das fins de semana. Trátase da Taberna de Morrigan, un local situado na Praza da Herba, en pleno centro da zona antiga de Melide.

Para o seu propietario, Manuel Conde, supón a súa primeira incursión no mundo da hostelería. Decidiu dar o paso e probar sorte neste sector ó dispoñer deste local, que ten

unha ubicación inmejorable.

Pasado un mes da apertura do bar, Conde é optimista de cara ó futuro, xa que considera que o local pronto se converterá en parada obrigatoria para os habituais dos viños en Melide. Atópase contento pola acollida que tivo entre o público, que dende o primeiro momento visitou o local.

Na actualidade, Manuel Conde tamén é propietario dunha empresa de pinturas, ademais de ser o presidente do Melide Fútbol Sala.

Intermax achega Internet a todo o rural galego

Ofrece servizo de banda ancha a particulares e empresas en zonas de sombra

Intermax Technology nace en xaneiro do ano 2008 da man de Javier Mouriño, un mozo melidense que actualmente ten 23 anos.

O principal obxectivo da firma é eliminar a fenda dixital, a través da oferta de servizos avanzados de telefonía, vixilancia de vídeo, televisión e radio, transmisión de datos e acceso a Internet a través de banda ancha sen fíos con tecnoloxía profesional, con velocidades que van dende os dous megas básicos a 100 megas, para outras necesidades máis específicas.

Intermax Technology defínese como a operadora de telecomunicacións líder en Galicia. Conta con rede inalámbrica propia, creada para cubrir o acceso ás comunicacións dixitais para todas aque-



Javier Mouriño, director xeral de Intermax

las persoas e negocios que estean asentadas en zonas desfavorecidas -as coñecidas como zonas de sombra-, principalmente en territorios rurais e urbanos periféricos.

Máis de 3.000 clientes

Actualmente, Intermax Technology conta con máis de 3.000 clientes, espallados pola xeografía galega.

A empresa radicada en Melide conseguiu dar servizo en máis de 60 concellos. O sistema de funcionamento da rede de comunicacións é sinxelo. Intermax instala esta-

cións base -con equipos e tecnoloxía de última xeración- nos montes estratéxicos de cada municipio para ofrecer a cobertura de xeito directo ós usuarios. Estas instalacións están conectadas mediante radioenlace á estacións principal, situada en Melide, onde se atopan os servidores de Internet e as liñas de fibra óptica.

Para a instalación dos seus equipos, Intermax asinou convenios coa Consellería de Medio Rural, con firmas propietarias de parques eólicos ou con operadores de televisión como Retegal e Abertis.



En azul, os concellos que contan cos servizos de Intermax

Na actualidade, a firma melidense conta coa rede inalámbrica máis extensa de Galicia, con máis de 40.000 quilómetros cadrados de zonas de cobertura. A conexión a Internet de banda ancha que provee Intermax chega a máis de 60 concellos galegos, así como tamén a 20 parquees eólicos da comunidade.

A firma que dirixe Mouriño logrou dotar de Internet a tód-

dolos concellos polos que transcorre o Camiño Francés, dende O Cebreiro a Santiago.

A previsión de Intermax Technology é de continuar despregando as súas infraestruturas no rural galego e tamén noutras comunidades. A empresa opta a diversos concursos, adxudicacións ou programas específicos que convocan as distintas administracións.

Budha Melide, nova opción nas noites de movida



Alberto Blanco, Marta Negro, Tania Negro e Alberto Pérez



O público ateigou o local o día da súa apertura



Melide conta cun novo local no que poder gozar das noites de marcha. É o Budha Melide, situado na rúa Galicia.

Tania e Marta Negro, dúas irmás procedentes de Agolada, son as propietarias do novo local. Ámbalas dúas teñen experiencia no gremio da hostalería e, despois de levar varios anos traballando neste sector -Tania estivo traballando en Lugo-, decidíronse a montar o seu propio negocio.

As dúas tiñan coñecemento da hostalería nocturna de Me-

lide, porque habitualmente viñan de marcha a esta vila. Parecelles o sitio ideal dado o bo ambiente que hai os fins de semana.

Decidiron montar un local, cuxo nome se adaptaba á idea do que querían. Buscaban un ambiente distinto ó que se atopa normalmente no resto de locais, cunha decoración e enfoque da marcha diferente.

Segundo a súa opinión, conseguírono, e están contentas da boa resposta que o público tivo cara ó seu novo negocio.

Mistik celebrou o seu terceiro aniversario



Vanesa Vázquez, Javier García e Vanesa Aguión



O ambiente no Mistik foi espectacular no día do seu aniversario



O pub Mistik de Melide celebrou recentemente os seus tres primeiros anos de vida. Foi unha noite chea de festa, con gogós, drag-queens, regalos e diversos sorteos, onde numerosos clientes do pub gozaron por todo o alto. O ambiente foi moi agradable e a festa prolongouse ata altas horas da madrugada.

A pesar de que o aniversario celebrouse un día puntual, en Mistik seguirán tendo festas con grandes atraccións ó longo de todo o mes de agosto, data

na que a movida de Melide vive o momento de máximo esplendor.

Historia

Xoán García Montero e Jesús García Sánchez, propietarios de Mistik, inauguraron o pub dous anos despois da súa primeira experiencia na hostelería nocturna, co pub Nexus.

Agora é Javier, o irmán de Jesús, o que rexenta o local. Asegura que tivo moi boa acollida por parte do público dende os inicios.

MERCAMELIDE

VIII FEIRA DE OPORTUNIDADES

3 e 4 de Setembro 2011

No Pazo de Congresos de Melide,
dende as 11 da mañá ata as 8 do serán.

De todo e para todos
ARTÍGOS DE CALIDADE A PREZOS REDUCIDOS

Artigos de regalo, calzado,
confección e moda,
complementos, fogar,
decoración, deportes, ferretería,
lencería, menaxe, mercería,
moble, fotografía, óptica,
perfumería, textil ...

**Sorteos
Sorteos**

Organiza:

**COMERCIO
DE
MELIDE**

Colabora:



Concello de Melide
Concellaría de Promoción Económica



O Big Ben comeza unha nova etapa



José Ramón García, segundo pola esquerda, o día da inauguración



Numerozo público asistiu á apertura do Big Ben na nova localización



Despois de cinco anos na Praza da Herba, en pleno centro da Zona dos Viños de Melide, o Big Ben Irish Tavern trasládase ó antigo bar de Pili, na Praza Ichoas e comeza unha nova etapa.

O establecemento mantén o agradable ambiente que sempre tivo, dando a opción gozar do interior do local coma da súa ampla terraza. Segue a ter a típica decoración das tabernas irlandesas, que tanto atrae a veciños e visitantes.

O seu propietario, José Ramón García Ramos, está

moi satisfeito da traxectoria do local e das perspectivas de futuro na nova localización.

Historia

García Ramos sempre tivo interese polo mundo da hostalería. De feito, adícase profesionalmente a elo dende hai varios anos. Foi en decembro do 2003 cando inaugura o pub A Noite, que segue a ser un dos referentes na movida melidense. Xa no ano 2006, José Ramón decide probar sorte na Zona dos Viños e abre o Big-Ben Irish Tavern.

Cult Room festexa tres anos de vida



Daniel, Lucas, Eva, Alberto, Andrea e Fátima



Cult Room é un referente na movida de Melide



O pub Cult Room de Melide celebrou recentemente o seu terceiro aniversario. Cunha festa por todo o alto, na que houbo gogós e se repartiron numerosos agasallos entre os clientes, os seus propietarios, Daniel Sánchez Amboage e Lucas Garea Pampín, quixeron celebrar os tres primeiros anos de vida deste local da zona de marcha melidense.

Daniel e Lucas tamén quixeron agradecer a toda a súa clientela o apoio incondicional que están a depositar no pub.

Historia

Daniel e Lucas teñen unha longa traxectoria no ramo da hostalería, no que traballaron durante 12 e 9 anos respectivamente. Non obstante, o Cult Room é o primeiro local que rexentan.

Hai tres anos presentouse a oportunidade de abrillo e non o dubidaron, xa que os dous levaban tempo con ganas de ter o seu propio negocio. Agora mesmo, o local afronta unha nova reforma, na súa parte superior.

Lamentando o peche do “convento novo” de Melide

Xosé Núñez López



Aínda que o noso xornal Cerne do pasado mes de xullo xa nos facilitou información escrita e gráfica sobre a tan merecida homenaxe que lles foi rendida nos Ánxeles (Melide) ós dous derradeiros Pais Pasionistas que quedaban no “convento novo” -baixo cuxa denominación era coñecida por nós, os da “Terra de Baixo”, a casa-mosteiro dos Pais Pasionistas de Melide-, tamén nós queremos amosar o noso sentimento poo peche definitivo do convento. Centro de relixiosidade, de cultura e de magnífica convivencia, tal e como deixou resumido Xosé Domingos Fuciños coas seguintes palabras escritas no ‘Boletín do Centro de Estudos Melidenses do Museo Terra de Melide’ número 10, do mes de abril do ano 1997: “Durante máis de oitenta anos, os Pasionistas de Melide, andivemos collidos das mans e vivindo moi estreitamente a nosa historia”.

Tanto o señor Domingos coma Xosé Manuel Broz Rei déixannos ben informados de cómo, cándoo e de qué maneira xurde o mosteiro dos Pais Pasionistas de Melide, dende poñerse a primeira pedra para a súa construción, o 3 de maio de 1909, ata a súa inauguración, o 19 de abril de 1912.

Estes concretos datos serviron para aclarar unha dúbida sobre a orixe da Capela de Visantofia, porque era crenza das últimas xeracións, que a súa construción para acoller a Cruz que recordaba a Misión dos Pais Pasionistas, levada a cabo no ano 1906 nesta parroquia, fora obra dos Pasionistas de Melide. Queda demostrado

que nesa data tiveron que ser os de Mondoñedo (Lugo) por ser a única “casa” que tiña por entón en Galicia a citada orde relixiosa.

Tamén nos recordan os dous ilustres melidenses as grandes festas e celebracións que se facían en datas sinaladas, como o día do seu patrón San Pablo da Cruz ou as primeiras comunións con “chusco e onza de chocolate” incuídas. E se nos apartamos un chisco da historia e falamos de lambonadas, como simple anécdota, aínda hai moi poucos días que Ramón Sánchez Curros, músico importante da Banda Popular de Música de Visantofia, -fillo de músico e pai de músicos-, hoxe xubilado, díxome recordar que fora a unha das citadas festas á fronte dun grupo de músicos e ó rematar o seu “traballo” fóronlles servidos uns exquisitos pinchos.

Respecto do primitivo mosteiro, recordan os descendentes de Manuel Varela Agra, quen residía entón na “Casa de Varela” da aldea de Vilar da Vella da parroquia de Visantofia (Santiso), que era carpinteiro e tenlles contado que co seu machado axudara a labrar as bigas para a construción do convento dos frades de Melide, polo ano 1910.

Como servizos ó pobo tamén son recordadas aquelas misas de tódolos días ás sete da mañá, que facilitaban o cumprimento relixioso ós crentes, de poder oír misa ós traballadores que desexasen facelo co tempo suficiente para poder acudir ao traballo á súa hora.

Asimesmo, había en tempos antigos nestas parroquias da

“Terra de Baixo” a costume de irse confesar ao “convento novo” de Melide, por representar unha gran comodidade o feito de que se podía facer a calquera hora dun día calquera, porque a igrexa estaba aberta todo o día e tan pronto entraba un, segundo se dicía, deseguida aparecía por alí un dos frades e, sen mediar palabra, metíase nun confesionario por se a persoa que chegaba desexaba confesarse.

A fiabilidade e aprecio que se lles tiña ós Pais Pasionistas do “convento novo” de Melide queda ben reflectida nun feito que foi coñecido por este servidor de vostedes, cando xa hai moitos anos faleceu un veciño de Visantofia, quen lle quedara a deber unha pequena cantidade de diñeiro a meu pai. Pasadas unhas semanas do pasamento daquel home, meu pai -chamado Antonio Núñez Otero-, reclamoulle a conta a un fillo, quen lle dixo que seu pai non deixara ningunha débeda pendente. Como meu pai non tiña ningún papel que o acreditara, xa daba por esquecido o asunto, cando ós poucos días chegoulle un aviso para que fora ó “convento novo” e preguntara polo frade fulano de tal.

Moi sorprendido, meu pai foi alá sen sospeitar para nada que sería o que lle quería o frade, ata que éste, ó comprobar que era Antonio Núñez Otero, entregoulle a cantidade xusta da débeda do falecido, dicíndolle que non lle podía dar ningún dato sobre a persoa que lle entregara aqueles cartos, posto que fora en acto de confesión.

Historia dos nosos ríos

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Presa de Rechinol, sen escala e caudal ecolóxico

Os 30.000 quilómetros de ríos na nosa comunidade dotan a Galicia dunha riqueza imperecedeira que, na actualidade, por parte de todos, cidadáns, xestores dos recursos naturais e políticos, se pospón centrándose os esforzos e recursos no capitalismo desenfreado, baseado actualmente no ladrillo, o formigón e a especulación en xeral, que foi a que nos levou a esta crise na sociedade. Está claro pois que, se a modernidade e o progreso se basan nestes parámetros, automaticamente deixan de selo. É necesario por elo poñer en valor, o que a natureza nos dá a cambio de nada; se queremos presumir de progresistas e modernos sexamos responsables.

A historia dos nosos ríos e mares foi agredida no pasado recente polos encoros da enerxía eléctrica, vístese de loito nos albores do século XX; pola connivencia de moitos gobernos con estes monopolios foráneos e privados na súa maioría. A pesca, recurso imprescindible para o ser humano, é agredida de novo brutalmente por escandalosos verquidos tanto nos ríos coma nos mares, nas nosas augas continentais e marítimas, sen que os que nos gobernan fagan nada e non se dan conta -non queren- de que a contaminación á que facemos referencia, afectará de forma irreparable a saúde humana, destruindo tamén a piscícola.

Preguntámonos os que defendemos a vida, -que é a auga-, ¿é admisible que se autorice ou se consinta producir o cloro alcali con células de

mercurio ata o ano 2020? A Unión Europea poñía como data límite o 2007, segundo denuncia a Organización Ecoloxista Oceanía diante da UE, con data do 16 de febreiro de 2009. Esta lamentable noticia publicada recentemente na prensa, debería ser valorada e recollida de inmediato. Temos a sensación que ante estes flagrantes despropósitos a comunidade científica galega, políticos e colectivos ecoloxistas, permaneceu sonámbula ante dito problema. Dito isto, é pola nosa parte obrigatorio, pois o dereito nos asiste e moralmente temos que denunciar as gravísimas consecuencias, que estes obsoletos sistemas causan en todolos seres vivos.

Sen entrar na dinámica de descalificacións, referentes a erros pasados de entidades e persoas, somos coñecedores os cidadáns sen embargo, e decímolo, da citada connivencia entre Unión Fenosa e os gobernos de Galicia e do Estado español, en tempos non moi lonxanos. A abundancia de ríos e regatos fai que no último século as grandes (e pequenas) compañías eléctricas foran pouco a pouco acaparando un poder que chegou nalgúns ocasións a dirixir a política ambiental, enerxética e territorial de Galicia, cercenando os dereitos, bens, recursos públicos e privados.

Por todo o dito, pedímos aos novos xestores desta riqueza, e no tempo a todo o pobo se é necesario: poñan en valor o patrimonio natural de Galicia. Non é preciso recordar, que as grandes civilizacións nacen nas ribeiras dos ríos.

O “terror” tamén está na casa

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo

Fai xa algúns anos que a ultradereita volve ter protagonismo en Europa, quizais nalgúns países como un movemento residual, quizais noutros cunha base de votantes e noutros moitos nin tan sequera se ten consciencia de que exista, a pesar de movementos como os neonazis que todos coñecemos. Todos pensáramos que os discursos destes movementos quedaran superados coa caída dos réximes fascistas en Europa despois da Segunda Guerra Mundial, a pesar de que continuasen na Península Ibérica e nalgún outro lugar algunha década máis. A xenofobia, o racismo, a intolerancia e principalmente unha base de pensamento que se sitúa máis no vello slogan da “letra con sangue entra” que no espírito democrático das chamadas democracias que lles permiten existir.

De todos é coñecido que algúns discursos populistas arrastran este tipo de ideas carentes da máis mínima base de debate, que algúns deles tiveron ou continúan a ter forza mediante a constitución en partidos políticos e que sempre houbo algún que outro tipo de agresión a aqueles que son diferentes a eles. Pois ben, a triste matanza realizada en Noruega por un destes militantes da ultradereita ten que significar un punto de inflexión en Europa respecto á tolerancia coas ideas que estes grupos promulgan.

Escoitei hai xa algúns días a un sociólogo dicir que é preciso e urxente que estes grupos teñan moita presenza pública para que así poidan entrar no debate democrático e poidamos facerlles ver e entender tanto a eles como á cidadanía

que as súas ideas non teñen razón de ser e poidan así cambialas. Esta idea que serve como reflexión de índole teórica, é difícil de materializar porque a ultradereita non creo que atenda a razón ao ter o seu pensamento dominado por dogmas e pola crenza de que teñen a razón absoluta e unha “cruzada” que cumprir. Dende estas páxinas eu engadiría a idea de que quizais nos relaxamos nos últimos anos na transmisión aos máis novos dos crimes contra a humanidade que se realizaron polas ditaduras que percorreron toda Europa, tanto as denominadas de dereitas como de esquerdas, porque unicamente chega con recordar que os polos opostos atraíense. Penso tamén que darlles exceso de presenza pública sería unha forma de tolerar aos que non toleran.

O que ocorreu en Noruega non está tan lonxe de nós como moitas veces podemos pensar, e vouno relatar cunha experiencia propia. O pasado vinte e tres de xullo visitei Compostela xunto a uns amigos. Cando nos diriximos á fermosa praza de Mazarelos a refrescarnos despois dun bo roteiro tanto pola Compostela turística como pola non turística, comezamos a ver policía antidisturbios ben armados. Ao entrar en Mazarelos tivemos que asistir ao triste espectáculo de cinco mozos e un adulto mostrando bandeiras anticonstitucionais, símbolos nazis e fascistas, cantando o “Cara al sol” e cunha expresión de rostro retadora cara os que alí estabamos, que non era precisamente para comezar un debate en termos democráticos. A praza estaba tomada

por todas as saídas para que non entraran persoas que puideran pertencer ao outro polo e garantindo así que a violencia seguira no seu plano latente. Dous furgóns de policía, helicóptero na Praza de Galicia mirando directamente a nós, quince policía sen contabilizar os que estaban fóra da praza. É dicir, uns medios policiais desproporcionados para un pequeno grupo de persoas que o único que estaban a facer era insultar a nosa liberdade cos seus símbolos e os seus cantares.

Eu son dos que opino, e así o defendín sempre e continuarei a facelo, que se pode defender o que se queira, sempre e cando as alusións desa defensa non nos trasladen a tempos no que horror quixo converterse en normalidade. Quizais a estes cinco mozos con mirada distante e perdida no horizonte sexa preciso mostrarlles os horrores realizados por aqueles aos que hoxe exaltan, xunto a unha boa dose de debate intelectual. Alén disto, quizais a convivencia co outro sexa a mellor mostra de que nos denominamos humanos porque todos compartimos tanto a riqueza como as miserias da “humanidade”, aínda que o fagamos sendo diversos.

Remato entón dicindo que é preciso que os crimes realizados durante o que foi o século de máis horror da historia, o século XX, non poden quedar no esquecemento, porque senón actitudes como as mostradas polos mozos que vin en Compostela levaranos a ter que chorar novamente crimes como os que sucederon en Noruega no máis gris dos meses de xullo que se lembran.

Software libre

Rafael Rodríguez Gaioso,
enxeñeiro informático e Presidente de Melisa



A Asociación de Usuarios de Software Libre de Melide (Melisa), foi creada no ano 2008 por un grupo de veciños de Melide, co obxectivo de promover e divulgar o concepto de software libre. Durante estes tres anos levamos a cabo diversas actividades de divulgación e formación. E agora iniciamos unha nova actividade que nos vén ofrecida por Asetem, á cal queremos agradecer dende este momento. En próximas edicións do Cerne iremos informando das novidades que se produzan no mundo da tecnoloxía en xeral, dunha forma amena e fácil de entender por calquera lector.

Que é o software libre?

Son aqueles programas ou aplicacións que se executan nos nosos ordenadores, móbiles, etc. pero que os autores dos mesmos os distribúen cunha licenza moi diferente á habitual. Por exemplo, os autores deses programas permiten que se fagan copias, desaparecendo desta forma as

copias ilegais ou piratas, tan frecuentes nos programas tradicionais (privativos). Tamén permiten que os seus programas se modifiquen e adapten ás necesidades de cada usuario ou empresa. Por exemplo, pode traducir ao galego un programa de contabilidade que se distribúa baixo unha licenza libre. En resumo, o software libre respecta a liberdade do usuario de usar os seus programas no seu beneficio.

Entón, onde está o negocio?

Pois nos servizos. Este novo modelo de traballo, baséase en que os informáticos viven dos seus servizos, e non de vender copias do seu traballo. Os beneficios son para ambas partes, é dicir, para o usuario que obtén un programa que se adapta ás súas necesidades, e para o informático que realmente aporta o seu coñecemento para que ese programa faga o que o usuario precisa.

E por onde podo comezar?

Pois por usar programas de uso cotiá que sexan libres. Por exemplo, á hora de navegar por internet podes utilizar Mozilla Firefox, para os traballos de oficina, LibreOffice, e para usuarios máis avanzados poden atreverse con algunha distribución de GNU/Linux, por exemplo, Ubuntu.

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188

info@asetem.com

O escaparate do comercio de Melide

www.mercamelidevirtual.es

entra en mercamelidevirtual.es e verás as mellores ofertas do comercio de Melide

ROSA PENAS OROIS, MODAS MANUEL

“Traballamos con grandes marcas, que sempre ofrecen algo distinto”

Rosa Penas leva algo máis de 17 anos dando vida a Modas Manuel, unha tenda de roupa para home e muller que traballa coas grandes marcas do panorama textil actual. Rosa aposta por un comercio no que o trato coa clientela é fundamental, algo que ela coida moito. “Animo á xente a que

entre, mire e compare, teñen que comprar totalmente convencidos. Que entren á tenda con confianza, porque a maior parte do que temos non está exposto no escaparate”. Asegura estar notando a crise na baixada das vendas, pero confía en poder superala. “Nunca choveu que non escampara”.

-Dende cando rexenta este comercio?

-Dende hai uns 17 anos. Abrín no ano 93. Comecei loitando e dende aquela seguimos loitando cada vez máis. O comercio en xeral cambiou moito durante todo este tempo.

-Que foi o que a levou a abrir este negocio?

-A min o comercio sempre me gustou. Tiña o instinto da venda, sempre me gustou o contacto coa xente e o ambiente das tendas. Comecei totalmente de cero, porque non tiña ninguén na familia que se adicara a isto. Foi por iniciativa propia. A miña situación familiar, con catro fillos, fixo que me arriscara a montar a tenda.

-E en todos estes anos, tivo unha evolución importante

-Primeiro comecei só con roupa de home e despois amplíei tamén a roupa de muller. Por outra parte, non ten nada que ver o comercio de hai uns anos co de agora. Cambiou por completo a forma de consumo da xente. Antes a xente viña comprar grandes cantidades de roupa. Os homes viñan comprar un traxe e tamén levaban roupa de sport. Agora veñen máis veces á tenda, pero compran menos prendas de cada vez.

-Adícase exclusivamente á roupa de marca

-Si, tanto de vestir, para eventos ou cerimoniais, como de sport. Tamén temos complementos como cinturóns, calcetíns e calzado para homes e bolsos e foulares para mulleres. Traballamos con grandes marcas como Florentino, Adolfo Domínguez, Naulover, Genfins, Luis Alberto ou Las-



Rosa Penas na súa tenda Modas Manuel, na Ronda da Coruña

serre, que sempre ofrecen algo distinto. Ademais, en tódalas prendas facemos o 10% de desconto. É una norma da casa.

-Ten un perfil concreto de clientela?

-A nosa clientela é variada. Veñen mozos e mozas que xa traballan e queren algo máis exclusivo; e homes e mulleres de distintas idades. Tamén moitas señoras de idade máis avanzada, que é un sector que non está moi cuberto en Melide. Abarcamos distinto tipo de consumidor porque nestes pobos pequenos non se vive só con ter roupa para un único perfil de cliente. Hai que diversificar para intentar atraer a máis xente.

-Despois de tantos anos,

xa terá unha clientela fixa

-Si. En Melide tamén nos vale moito ser a cabeceira de comarca, porque á tenda vén xente de Santiso, Toques, Palas, Sobrado, Boimorto ou Arzúa.

-Aféctalle a apertura de grandes centros comerciais?

-Haberá xente que prefira mercar nos centros comerciais. Pero temos moitos clientes da Coruña, Santiago ou Lugo que veñen mercar aquí porque atopan os mesmos modelos máis baratos.

-A atención personaliza é unha das principais cualidades do seu comercio

-Aquí a atención é totalmente personalizada. É o que vale neste tipo de tendas. É unha

forma máis de fidelizar ao cliente. Conoces ao cliente, trátalo e acabas sendo seu amigo. Hai xente que acaba vindo á tenda polo trato que nós lle damos.

-Coñecer os gustos do cliente é fundamental para o negocio

-Si, sempre penso nos gustos da clientela cando vexo o muestrario para comprar para a próxima temporada. Aínda que nunca sei se vou acertar, ten moito de intuición, de arriscar. Eu sempre digo que vender é difícil, pero comprar aínda o é máis. Nas tendas de roupa temos que facer dúas grandes inversións ao ano, non é como nas chamadas tendas de “pronto moda”, que van comprando segundo van vendendo.

“Facemos un 10% de desconto en todas as prendas durante todo o ano”

“Penso nos gustos da miña clientela cando compro a roupa para a tempada seguinte”

-Fan arreglos?

-Si, facemos case todo tipo de arreglos. Os traxes de muller son os que máis hai que retocar, porque temos corpos moi distintos. O único caso onde non facemos arreglos é nas prendas que temos a un prezo moi rebaixado.

-Estalle a afectar a crise?

-A crise nótase máis este ano que o pasado. Sempre houbo altos e baixos, o importante é ir saltando os baches e manténdose. Os comezos sempre son bos, porque se produce un efecto novidade, pero despois hai que lograr manterse. Eu podo dicir que gracias á fidelidade dos clientes levo 17 anos loitando, e espero seguir algúns máis. Canto máis comercios haxa no pobo é mellor para todos.

PALLADIUM

discoteca melide **SAN ROQUE 2011**

13 RAFAGA EN CONCIERTO
Sábado LA BANDA ARGENTINA MÁS CONOCIDA DEL MUNDO

14 JUAN MAGAN
Domingo COLABORADOR DE REMIX EN TEMAS DE JUANES, ENRIQUE IGLESIAS. TRIPLE NOMINADO A LOS DJ. MAGFS

15 MIS CAMISETA MOJADA 2011
Lunes PREMIO EN METALICO A LAS 3 FINALISTAS DE LA FIESTA MAS CALIENTE DEL VERANO

16 FIESTA EROTICA LOS CUERPOS MAS IMPRESIONANTES
Martes DEL PANORAMA NACIONAL SE DESNUDAN PARA TI EN LA FIESTA MAS CALIENTE

17 JORGE GONZALEZ DE O.T.
Miércoles CON LA COLABORACION DE PATRI (REPRESENTANTE DE GALICIA CENTRO EN LUAR) E XOAN

18 KING AFRICA
Jueves "LA BOMBA", "PAQUITO CHOCOLATERO", "LA RAMONA", ...

19 LUCIA PEREZ
Viernes REPRESENTANTE DE ESPAÑA EN EUROVISION

20 HEAVEN PARTY MAS DE 20 GOGO'S,
Sábado GENTE FAMOSA, VOCALISTAS DE HOUSE, SAXOFONISTAS, PERCUSIONISTAS, ...

27 FIESTA DE LA ESPUMA
Sábado LA FIESTA MAS ESPERADA DEL AÑO